

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de maio de 2015

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e nove de maio de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral accta., Sr. González Carnero e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(652).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións extraordinarias e urxentes do 12 e do 14 de maio, e da sesión ordinaria do 15 de maio de 2015. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(653).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS PARA A ORGANIZACIÓN DO ACTO DE APERTURA DO “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL CIDADE DE VIGO-VILA DE BOUZAS 2015”. EXPTE. 5988/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17.04.15 e informe de fiscalización, do 22.05.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do

Servizo de Festas, do 14.04.15, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción cultural, o concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos e a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, que di o seguinte:

O concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos resolveu en data 13 de abril de 2015 que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración e a Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas), para a organización do acto de Apertura do "Festival Poético-piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas 2015", que terá lugar o vindeiro 19 de xullo.

A Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas vén ocupándose da organización, desenvolvemento e execución das festas anuais que se celebran na Vila de Bouzas – Cidade de Vigo, na segunda quincena do mes de xullo, en honra do "Bo Xesús dos Aflixidos" e cuxo programa comprende tanto actividades lúdicas como relixiosas. Dentro do dito programa, e como principal e máis salientábel actividade, véñse celebrando o chamado "Festival poético-piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas".

O dito Festival, declarado de interese turístico de Galicia desde o ano 2004, constitúe unha tradición consolidada dentro da oferta cultural e lúdica da cidade de Vigo, sendo o máis relevante dos da súa clase, así como un dos máis prestixiosos da Comunidade autónoma de Galicia, tanto pola calidade e custo da súa execución, o número de espectadores directos do Festival, o seu seguimento e cobertura mediáticos, e a antigüidade da súa celebración, constituíndose por todos estes motivos nun obrigado referente nas celebracións lúdico-culturais de todo o territorio nacional. Todos estes motivos fan co que o Concello de Vigo considere necesario contribuír ó seu mantemento e financiamento.

Na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais.

O convenio do que se trata é un convenio de colaboración dos que poden celebrar as administracións públicas con persoas xurídicas privadas, co obxecto de satisfacer os intereses públicos que teñen encomendados e que non se poden cualificar como un contrato administrativo típico na medida en que non se corresponden co obxecto dun contrato de servizos por conter determinadas peculiaridades respecto das pretensións que deben realizar as entidades conveniantes e especialmente a inexistencia dun prezo en sentido estrito, ó limitarse a achega económica do Concello a compensar estritamente os gastos realizados polas entidades para a realización das actividades.

Este convenio prevé unha dotación de 8.100,00 euros, con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0011 (Convenio Comisión de Festas de Bouzas) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio, a favor da Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas, suxeito ao cumprimento pola mesma dun determinado obxectivo de utilidade pública e interese social expostas nas obrigas pactadas en convenio. O Concello non asume máis obrigas respecto a esta actividade.

Pola súa banda, a entidade encargárase da organización xeral da festa e asumirá todos os gastos derivados da mesma e que, segundo o presuposto presentado, ascenden a un total de 63.100,00 euros, sendo o presuposto do acto de Apertura subvencionado polo Concello de 8.100,00 euros.

Conforme ao disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública e se outorguen directamente.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultado o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos para asinar o citado convenio, e en virtude do decreto da Alcaldía de 29 de xullo, e acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro de Cultura, Festas e Museos, faise á Xunta de Goberno local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Que se aprobe o proxecto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas para a organización do Acto de Apertura do "Festival Poético-piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas 2015", que terá lugar o vindeiro 19 de xullo.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 8.100,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas (CIF G-36.690.170), con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0011 (Convenio Comisión Festas Bouzas) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS PARA A ORGANIZACIÓN DO ACTO DE APERTURA DO FESTIVAL POÉTICO PIROMUSICAL DE BOUZAS 2015-

Na Casa do Concello de Vigo, a dous mil quince.

REUNIDOS

Dunha parte, Dña. CAYETANO RODRIGUEZ ESCUDERO, CONCELLEIRO DELEGADO DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS na representación legal do Concello de Vigo, con CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO, en virtude do decreto da Alcaldía de 29 de xullo, e acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014.

Doutra, DON JAVIER GRANDE PÉREZ, COMO CONFRADE MAIOR DA CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS, CIF nº G-36.690.170 e enderezo social na rúa San Miguel nº 1 de Vigo (Bouzas), na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente nº 5066/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas ten por fins, entre outros, o de promover as festas anuais de Bouzas, desenvolvendo actos culturais así como contribuír a un destaque das solemnidades litúrxico relixiosas conmemorativas. Deste modo, esta entidade vén ocupándose, dende tempos inmemoriais, da organización, desenvolvemento e execución das

festas anuais que se celebran na Vila de Bouzas - Cidade de Vigo, na segunda quincena no mes de xullo, en honra do "Bo Xesús dos Aflixidos", patrón da Vila, e cuxo programa comprende, tanto actividades lúdicas coma relixiosas. Dentro do dito programa lúdico, e como principal e máis salientábel actividade, véñse celebrando o chamado "FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL CIDADE DE VIGO - VILA de BOUZAS", na noite do terceiro domingo de xullo.

II. Que o dito Festival, declarado de interese turístico de Galicia desde o ano 2004, constitúe unha tradición consolidada dentro da oferta cultural e lúdica da cidade de Vigo, sendo o máis relevante dos da súa clase, así coma un dos máis prestixiosos da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto pola calidade e custo da súa execución, o número de espectadores directos do Festival, o seguimento e cobertura mediáticos do mesmo, e a antigüidade da súa celebración, constituíndose por todos estes motivos nun obrigado referente nas celebracións lúdico-culturais de todo o territorio nacional. En virtude do gran seguimento popular de dito espectáculo, da tradición consolidada na súa celebración, e na constatada mellora ano tras ano da súa calidade e promoción, o Concello de Vigo considera necesario contribuír ó mantemento e financiamento do mesmo, como medio de garantir e conservar un dos signos distintivos da identidade colectiva da cidade de Vigo.

III. Que dende hai nove anos se veñen asinando diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0011, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 8.100,00 (oito mil cen) euros, a favor do Comisión de Festas de Bouzas.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento polo Concello de Vigo do primeiro dos catro actos nos que se divide o "Festival Poético-piromusical Cidade de Vigo-Vila de Bouzas" denominado "Apertura".

VI.- Que o carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VII.- Que a entidade Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 5988-335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo en canto a organización do Festival Poético-piromusical "Cidade de Vigo – Vila de Bouzas", que terá lugar en Bouzas na noite do terceiro domingo de xullo (19 de xullo), e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado.

2º.- Realizar o “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL” e en especial o acto de “APERTURA”, segundo a programación proposta e o presuposto aprobado.

3º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

4º.- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades e obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a súa realización.

5º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento da actividade, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento das actividades; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio dos programas.

6º.- A entidade terá que coordinar co departamento de prensa do Concello todas as presentacións e roldas de prensa previstas obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

7º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os que especifiquen como responsabilidade do Concello.

8º.- Deixar a zona que se utilice para as actividades en perfectas condicións de limpeza e respectando o entorno.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas, unha subvención por importe de 8.100,00 (oito mil cen) euros co obxecto de coadjuvar ó financiamento da organización do acto “Apertura” do “Festival poético-piromusical Cidade de Vigo – Vila de Bouzas” con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0011 (Convenio Comisión Festas Bouzas) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número IBAN ES36

2080.5016.07.3040020541, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Festas e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, antes da primeira semana de decembro, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto, a conta xustificativa a render deberá conter:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas dentro do programa, datos de participación memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- As facturas presentadas terán que ser orixinais e deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio. Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentarase en orixinal. As facturás cumprarán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter

os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.

- *Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.*
- *A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi deeuros.”*

Décimo.- *Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.*

Décimo primeiro.- *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.*

Décimo segundo.- *A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada pola Concellería de Cultura, Festas e Museos. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

Décimo terceiro.- *A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura , Festas e Museos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

Décimo cuarto.- *Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.*

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- *A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información editada figurará o logotipo do Concello de Vigo, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do Servizo de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.*

Décimo sexto.- *O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do Servizo de Festas nas propias actividades programadas.*

Décimo sétimo.- *O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2015 e non será prorrogábel.*

Décimo oitavo.- O concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no Real Decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ao público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuito; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ao Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Cultura e Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ao Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican.

3(654).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA SOCIEDADE ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES PARA A ORGANIZACIÓN DA XV EDICIÓN DE "O MARISQUIÑO". EXPTE. 5991/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 13.05.15 e informe de fiscalización, do 20.05.15, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Festas, do 6.05.15, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción cultural, o concelleiro da Área de Cultura, Festas e Museos e a concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Con data 6 de maio de 2015, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos resolveu que se iniciase o expediente para a redacción do convenio de colaboración de cara a XV edición de "O Marisquiño". O obxecto deste convenio é fomentar e difundir a cultura e os deportes urbanos.

O evento terá lugar entre os días 7, 8 e 9 de agosto de 2015, ambos inclusive, dentro do programa das Festas de Verán 2015, por diversas rúas do centro da cidade, con maior concentración de actividades no Paseo das Avenidas.

Dende o ano 2004, a sociedade Ulisesproyect Eventos especiales vén realizando a organización deste programa de actividades dedicadas á cultura e aos deportes urbanos, contando con gran afluencia de público e difusión en medios de comunicación, tanto nacionais como internacionais. D. Carlos Domínguez Fernández, propietario único da entidade e dos dereitos de uso da marca "O Marisquiño" manifesta que a súa sociedade ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da devandita marca.

Desta forma, a sociedade asume a organización das actividades e todas as xestións necesarias para a contratación dos participantes nas mesmas, entre eles os seguros que cubra a responsabilidade civil fronte a terceiros e seguro de accidentes dos membros dos grupos participantes, comprometéndose a presentar as devanditas pólizas antes do inicio do festival. Pola súa banda, o Concello de Vigo comprométese a achegar a cantidade económica indicada no convenio.

O expediente de referencia ten por obxecto a aprobación dun convenio para a concesión dunha subvención polo procedemento de réxime directo. A súa organización nas edicións anteriores vén estando a cargo de Ulisesproyect Eventos especiales SLU. A tal fin o réxime xurídico de aplicación do presente convenio atenderá ao previsto nos artigos 22.2a) e 28.1 e concordantes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, así como os artigos 26.1 e 26.2 da Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia.

O carácter cultural atópase entre as competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m e 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e ós municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Ulisesproyect Eventos especiales SLU vén organizando nos últimos anos "O Marisquiño", no centro da cidade de Vigo, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación nacionais e internacionais, estando en condicións de organizar a presente edición, conforme ao programa (recollido no Anexo I do texto do convenio) e Presuposto de ingresos e gastos (por un importe total de 285.000 euros – Anexo II do texto do convenio).

O importe total deste convenio, de carácter anual, con todos os conceptos e impostos incluídos, ascende a 40.000,00 (corenta mil) euros, con cargo á aplicación presupostaria 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño) do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio.

De conformidade co artigo 127.g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno local a aprobación do convenio e, con carácter previo, a aprobación do gasto de conformidade co previsto no artigo 31 da LG 9/2007. Así mesmo, queda facultado o concelleiro delegado de Cultura, Festas e Museos para asinar o citado convenio, en virtude do decreto da Alcaldía de 29 de xullo, e acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo.

Á vista do exposto, previos os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción cultural e do concelleiro delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, faise á Xunta de Goberno local a seguinte PROPOSTA.

1º.- Que se aprobe o texto do convenio de colaboración, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a sociedade Ulysesproyect Eventos Especiales SLU (CIF B-36.957.132) para a organización da XV edición de "O Marisquiño"

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 40.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á sociedade Ulisesproyect Eventos especiales SLU (CIF B-36.957.132), con cargo á aplicación presupostaria 3380.470.0001 (Convenio Marisquiño) do programa presupostario de Festas para o vixente exercicio".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO "XV EDICIÓN DE O MARISQUIÑO".

REUNIDOS

Dunha parte, don Cayetano Rodríguez Escudero, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, e en virtude do decreto da Alcaldía de 29 de xullo, e acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xullo de 2014.

Doutra, don Carlos Domínguez Fernández, como propietario único da sociedade Ulisesproyect Eventos especiales SLU, CIF nº B-36.957.132 e enderezo social na avenida de Castrelos nº 29 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta da escritura de constitución da sociedade que figura na documentación do expediente núm. 5043/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a marca "O Marisquiño" atópase rexistrada na Oficina española de Patentes y Marcas a nome de D. Carlos Domínguez Fernández.

II.- Que a entidade Ulisesproyect Eventos especiales SLU, empresa da que é propietario único D. Carlos Domínguez Fernández, ostenta os dereitos de uso, execución e comunicación da marca "O Marisquiño" (segundo as súas propias manifestacións) e ten por obxecto social, entre outros, a realización e promoción de toda clase de eventos deportivos e culturais.

III.- Que esta entidade vén organizando nos últimos anos "O Marisquiño", no centro da cidade de Vigo, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns e de difusión da cidade en diversos medios de comunicación nacionais e internacionais, estando en condicións de organizar a presente edición, conforme ao programa (recollido no Anexo I deste Convenio) e Presuposto de ingresos e gastos (por un importe total de 285.000 euros – Anexo II).

IV.- Que a exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola entidade.

V.- Que o Concello de Vigo está a organizar o programa de actividades das "Festas de Verán 2015", que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as manifestacións da cultura e deporte urbanos. De igual maneira, o Concello está

interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais.

VI. Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.470.0001, prevé a concesión dunha subvención por importe de 40.000,00 (corenta mil) euros, para a organización de "O Marisquiño". Na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, xa que se trata dun festival de grande arraigo na cidade e que conta cunha ampla tradición na promoción da cultura urbana, formando parte do programa de festas desta cidade. A súa organización en todas as edicións anteriores vén estando a cargo da referida sociedade, que ostenta os dereitos de uso da marca. Estas circunstancias impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

VII.- Conforme o disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a programación, organización e execución da XV EDICIÓN DE "O MARISQUIÑO", que se desenvolverá entre os días 7 e 9 de agosto, ambos inclusive, polo centro da cidade.

VI.- Que ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente nº 5991/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade de ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, o CONCELLO e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- Ulisesproyect Eventos especiales SLU comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo en canto a organización da XV edición de "O Marisquiño, que terá lugar no centro da cidade os días 7, 8 e 9 de agosto de 2015, conforme ao programa recollido no Anexo I deste Convenio, e concretamente a:

1º.- Asumir todo o concernente á organización das actividades obxecto do convenio, achegando toda infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir a programación que consta no expediente.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, recollidos no Anexo II.

3º.- Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto; dotar de material necesario co fin de acadar os obxectivos previstos no programa.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público e comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

6º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como patrocinador do programa .

7º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación.

8º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento; a ENTIDADE entregará ao CONCELLO copia da póliza antes do inicio das actividades.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Incluir a XV edición de "O Marisquiño" dentro da programación das Festas de verán 2015 do Concello de Vigo, así como nos soportes publicitarios que se realicen para esta programación.

2º.- Conceder directamente a ULISESPROYECT EVENTOS ESPECIALES SLU, unha subvención para a edición 2015 por importe de 40.000,00 euros, co obxecto de coadjuvar ao financiamento da programación, organización e execución da XV edición de "O Marisquiño". Para edicións posteriores, as achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao CONCELLO a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número IBAN ES16 2080 5085 79 30 4002 1974, da entidade bancaria ABANCA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo do Concello e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A entidade beneficiaria, terá que xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos antes da primeira quincena de decembro de 2015. A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria parcial de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades desenvolvidas durante o período obxecto de xustificación, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria parcial económica xustificativa do custo das actividades realizadas durante o período obxecto de xustificación, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.
- Relación numerada de todos e cada un dos documentos xustificativos que se aporten con especificación da súa data de emisión, provedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pagamento.
- Documentos xustificativos, facturas ou documentos equivalentes no tráfico xurídico mercantil acreditativos do gasto realizado ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada citada no apartado anterior. Os documentos xustificativos haberán de estar datados no período obxecto deste convenio, Os gastos xustificativos con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil presentaranse en orixinal. As facturas cumprirán os requisitos establecidos para súa expedición no RD 1619/2012 de 30 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación ou as normas sobre a facturación electrónica equivalentes. ou as normas sobre Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Se a entidade beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.
- En ningún caso se admitirán simples recibos ou xustificantes de caixa. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas e, tratándose de persoas físicas, conterán a correspondente retención fiscal.
- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.
- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de 285.000 euros.”

Décimo.- Con carácter previo ao pagamento, a entidade beneficiaria deberá presentar as certificacións acreditativas de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma serán comprobados polo servizo de Festas do Concello; a tal fin o persoal técnico do mesmo emitira informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura, Festas e Museos e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades que se edite en idioma galego terá que ser revisada polo Servizo de Normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos do Concello de Vigo e da entidade beneficiaría, nas mesmas condicións e tamaños. Todo material editado deberá contar coa conformidade previa do servizo de Festas da Concellería de Cultura e Festas e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico da Concellería de Festas nos propios espectáculos folclóricos programados.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo oitavo.- O concelleiro de Cultura, Festas e Museos queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento o Concello.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Cultura, Festas e Museos do Concello.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ó Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Cultura e Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ó Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.

O concelleiro delegado de
Cultura, Festas e Museos
Cayetano Roidríguez Escudero

O propietario único da sociedade
Ulisesproyect Eventos especiales SLU
Carlos Domínguez Fernández

Anexo I PROGRAMA

Data de celebración: 7,8 e 9 de Agosto de 2015.
Lugar: Paseo das Avenidas.

Programación:

- Campeonato internacional de skateboard.
- Campeonato internacional de BMX.
- Campeonato internacional de descenso urbano en mountain bike.
- Campeonato internacional de mountain bike Dirt Jump.

-Campeonato internacional de Break Dance.

-Exhibicións de Freestyle Motocross.

-Graffiti.

-Concertos.

Anexo II

PRESUPOSTO DE INGRESOS E GASTOS

PLAN DE FINANCIACIÓN

- Financiación institucional:

Concello de Vigo: 40.000 euros.

Outras institucións: 129.000 euros.

- Financiación privada:

Patrocinadores: 106.000 euros.

Explotación de recursos propios: 10.000 euros.

PRESUPOSTO XERAL DE INVESTIMENTO

-Área deportiva: 125.000 euros.

-Área de concertos: 25.000 euros.

-Área artística: 5.000 euros.

-Loxística: 15.000 euros.

-Seguridade: 15.000 euros.

-Infraestruturas: 35.000 euros.

-Aloxamentos: 20.000 euros.

-Comunicación: 15.000 euros.

-Viaxes, dietas e varios 30.000 euros.

TOTAL: 285.000 EUROS.

GASTOS VINCULADOS AO CONVENIO CONCELLO DE VIGO

-Gastos aloxamento deportistas e xuíces da competición: 10.000 €

-Gastos de seguridade: 10.000 €

-Montaxes de gradas e estruturas: 10.000 €

-Madera construción rampas: 7.000 €

-Servizo ambulancias: 3.000 €

TOTAL: 40.000 EUROS

4(655).- PROXECTO DE CONVENIO PARA A ADXUDICACIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DE SUSANA RODRÍGUEZ GACIO POLA DINAMIZACIÓN DO PROXECTO DEPORTIVO “OBXECTIVO XOGOS PARALÍMPICOS RÍO DE JANEIRO 2016”. EXPTE. 14066/333.

Visto o informe xurídico do 15.05.15 e o informe de fiscalización do 21.05.05, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 12.05.15, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e a concelleira de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Antecedentes:

Susana Rodríguez Gacio, viguesa, nacida no ano 1988, é unha das promesas con maior progresión e futuro no ámbito do Paratriatlón a nivel mundial. Esta modalidade é unha adaptación do Triatlón para persoas con algún tipo de discapacidade física, que a día de hoxe ten un importantísimo crecemento en todo o mundo.

Esta xoven paratriatleta viguesa, ocupa na data actual o número 3 do Ranking Mundial, o que lle outorga unhas posibilidades reais de obter unha das 10 prazas para participar nas Paratriatlón nas Paralimpiadas Río 2016. Estes datos que deixan patente o nivel deportivo acadado por esta paratriatleta, que foi quen de alcanzar unha cota de rendemento na élite do paratriatlón a nivel mundial.

O rendemento de Susana Rodríguez Gacio no ámbito do Paratriatlón foi enorme nos derradeiros anos, acadando resultados destacadísimos en competicións de prestixio de ámbito nacional e Internacional, como os primeiros postos nas probas do circuito mundial de Yokohama, Besançon, no Cto de Europa de Paratriatlón, e no Cto do Mundo de Duatlón, o segundo posto no Cto do Mundo de Paratriatlón e no Campionato do Mundo de Acuatlón no ano 2013, o Campionato do Mundo de Duatlón Paralímpico no ano 2012, ou o Cto do Mundo de Triatlón Paralímpico en Auckland no ano 2012.

Ademáis destes resultados internacionais, Susana Rodríguez, proclamouse campiona de España de Duatlón Paralímpico en 2014, Campiona de España de Paraduatlón no ano 2013, Campiona de España de Triatlón e acuatlón paralímpico no ano 2012, e de Duatlón e triatlón paralímpico no ano 2011.

Ademáis Susana recibiu o galardón como mellor deportista Viguesa e mellor deportista Gallega con discapacidade nos anos 2013 e 2014, o que deixa patente o extraordinario nivel deportivo acadado por esta deportista.

Susana Rodríguez, que está logrando niveis de rendemento deportivo ó alcance tan só dos mellores, ten ademáis un valor engadido. Susana sofre unha discapacidade física que a obrigou

a adaptarse rápidamente ás súas capacidades e potencialidades cunha tenacidade e entusiasmo difícilmente imaxinables. Estas fortalezas do seu carácter, unidas a unha enorme capacidade de sacrificio vinculada co deporte de alto nivel e un talento innato, fan que Susana Rodríguez teña nas súas mans opcións reais de participar nos Xogos Paralímpicos que se celebrarán en Río de Xaneiro no verán do ano 2016.

Estas opcións pasan por estruturar e cumprir unha esixente planificación de preparación, que inclúe tanto os adestramentos como a participación nas competicións Internacionais do máis alto nivel. O deporte de alto rendemento esixe unha dedicación plena, que inclúe a obriga de participar nas competicións de máis prestixio do ámbito Internacional que, no ámbito do Paratriatlón, son os que outorgan as puntuacións que determinan as posicións no Ranking Internacional.

O cumprimento desta planificación será a que determine as posibilidades que ten esta xoven deportista de alto nivel de acudir á cita deportiva máis importante no ámbito do deporte adaptado, os Xogos Paralímpicos que se van celebrar en Río de Xaneiro no verán do 2016.

Os Xogos Paralímpicos son a competición máis importante a nivel mundial para persoas con discapacidade. A repercusión mediática e social foi incrementándose desde que se iniciou a cobertura televisiva dos Xogos Paralímpicos no ano 1976, ata alcanzar unha audiencia de máis de 300 millóns de persoas a nivel mundial nas derradeiras citas paralímpicas. Estas cifras dan unha idea da envergadura e importancia desta competición, na que se dan cita máis de 4.000 deportistas procedentes de 160 países que loitan por medallas de 20 modalidades diferentes.

Este macroevento deportivo é a nivel mediático un escaparate mundial, unha ventana ao mundo que permite que millóns de persoas coñezan os lugares de orixe dos participantes a través dos innumerables canles de comunicación que lle dan cobertura e que atraen a atención absoluta do ámbito do deporte durante a súa celebración .

Por outra banda, a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos dinamizar actividades e iniciativas orientadas a colaborar coa actividade deportiva de élite da cidade, cunhas necesidades especiais de financiación e sostenibilidade, impulsar iniciativas que colaboren coa sensibilización da poboación coas necesidades e especificidades vinculadas á discapacidade en xeral, á discapacidade física en particular, e a súa relación coa práctica deportiva en concreto, apoiar proxectos que contribúan a enriquecer o mapa deportivo da cidade e que sirvan de referencia ós e ás xóvenes deportistas e optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento que colaboren coa consolidación da imaxe deportiva da cidade de Vigo.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- A importancia que para a cidade de Vigo ten o desenvolvemento de proxectos vinculados co deporte de élite.*
- O interese de Vigo por apoiar referentes do deporte local na súa relación cos xóvenes deportistas.*
- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.*
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*
- Contribuír á sensibilización do colectivo escolar co deporte e a discapacidade.*
- Concienciar á poboación escolar de Vigo sobre as especificidades do deporte para discapacitados*

- *Sensibilizar ós escolares coas necesidades concretas dos deportistas discapacitados, a dar a coñecer o valor engadido do esforzo das persoas que sufren algún tipo de discapacidade, e achegar á poboación escolar a realidade e os valores vinculados ó deporte-discapacidade.*

Proposta:

Por todo o exposto, propónse a concesión dunha subvención a Susana Rodríguez Gacio, tendo en conta a consideración de que esta subvención responde á propia relevancia da actividade que desenvolve, ó tempo que a súa actividade pretende a consolidación do proxecto deportivo considerado de interese para o desenvolvemento do proxecto da cidade de Vigo e o deporte.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o “Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..” e que “...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”.

Ante estes aspectos atopamos criterios suficientes que nos levan á necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre o Concello de Vigo e Susana Rodríguez Gacio, para o cal propónse a resolución desta subvención a través do regulado nas cláusulas do convenio que se adxunta entre o Concello de Vigo e Susana Rodríguez Gacio, para favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

Debemos destacar que o proxecto presentado por Susana Rodríguez Gacio, responde a un traballo que pódese catalogar de exclusivo, polo que a subvención proposta a través deste expediente xustifica que por tratarse dun proxecto tan específico non existira concorrencia, e ademais o alto interese deportivo, público e social vinculado ó propio proxecto deportivo, definen a mesma dentro dos aspectos previstos no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Tendo en conta estes criterios e o proxecto proposto por Susana Rodríguez Gacio, plantéase a presente proposta de convenio para a adxudicación dunha subvención. A proposta de subvención ten en conta o alcance do orzamento destinado por Susana Rodríguez Gacio á execución do proxecto, que de acordo coa memoria presentada, que se adxunta a este expediente ascende a un gasto total de 29.640,00 €, polo cal a proposta de subvención é de 5.000,00 €. Dito importe financiarase a través do crédito existente na partida 3410.489.00.00 do vixente orzamento.

A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire ó réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o recollido na base 38 das de execución do orzamento do Concello de Vigo.

O obxecto da presente proposta de subvención é coadxuvar á financiación dos gastos vinculados ó desenvolvemento do proxecto deportivo “Obxectivo Xogos Paralímpicos Río de Janeiro 2016” presentado pola deportista de alto nivel Susana Rodríguez Gacio.

Esta axuda non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

Susana Rodríguez Gacio presentou unha memoria xustificativa, onde figuran relacionadas as actividades realizadas e previstas e o destino previsto para a subvención solicitada.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte de Susana Rodríguez Gacio das obrigas sinaladas no dito artigo 11 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A beneficiaria, presentou o proxecto que xustifica a finalidade para a que se propón a subvención. Tras a aprobación da presente resolución e trala sinatura do convenio que regula a mesma, a beneficiaria deberá presentar os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

Previamente a efectuarse a proposta, debe emitirse informe xurídico e informe favorable de fiscalización a Intervención Xeral.

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRA: Aprobar o texto do convenio que rexerá entre o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes e Susana Rodríguez Gacio, para a concesión dunha subvención en relación o proxecto deportivo “Obxectivo Xogos Paralímpicos Río de Janeiro 2016”.

SEGUNDA: Autorizar o gasto polo importe de 5.000,00 €. a favor de Susana Rodríguez Gacio, co DNI:36137166-A, con enderezo na Avda. Hispanidad, 88, 3ºB, en Vigo, en concepto de subvención directa en base o convenio para o desenvolvemento do proxecto “Obxectivo Xogos Paralímpicos Río de Janeiro 2016”. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.00 do vixente orzamento.

TERCEIRO: Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E SUSANA RODRÍGUEZ GACIO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “OBXECTIVO XOGOS PARALÍMPICOS RÍO DE JANEIRO 2016” (Expte. 14066/333)

Na Casa do Concello de Vigo, a ___ de _____ de dous mil quince

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra, dona Susana Rodríguez Gacio con DNI: 36137166A, paratriatleta de alto nivel e enderezo social na Avda. Hispanidad, 88, 3ºB, en Vigo, segundo resulta da documentación que consta do presente expediente.

Dna. Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento,

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

MANIFESTAN

I.- Susana Rodríguez Gacio, viguesa, nacida no ano 1988, é unha das promesas con maior progresión e futuro no ámbito do Paratriatlón a nivel mundial. Esta modalidade é unha adaptación do Triatlón para persoas con algún tipo de discapacidade física, que a día de hoxe ten un importantísimo crecemento en todo o mundo.

Esta xoven paratriatleta viguesa, ocupa na data actual o número 3 do Ranking Mundial, o que lle outorga unhas posibilidades reais de obter unha das 10 prazas para participar nas Paratriatlón nas Paralimpiadas Río 2016. Estes datos que deixan patente o nivel deportivo acadado por esta paratriatleta, que foi quen de alcanzar unha cota de rendemento na élite do paratriatlón a nivel mundial.

O rendemento de Susana Rodríguez Gacio no ámbito do Paratriatlón foi enorme nos derradeiros anos, acadando resultados destacadísimos en competicións de prestixio de ámbito nacional e Internacional, como os primeiros postos nas probas do circuito mundial de Yokohama, Besançon, no Cto de Europa de Paratriatlón, e no Cto do Mundo de Duatlón, o segundo posto no Cto do Mundo de Paratriatlón e no Campionato do Mundo de Acuatlón no ano 2013, o Campionato do Mundo de Duatlón Paralímpico no ano 2012, ou o Cto do Mundo de Triatlón Paralímpico en Auckland no ano 2012.

Ademáis destes resultados internacionais, Susana Rodríguez, proclamouse campiona de España de Duatlón Paralímpico en 2014, Campiona de España de Paraduatlón no ano 2013, Campiona de España de Triatlón e acuatlón paralímpico no ano 2012, e de Duatlón e triatlón paralímpico no ano 2011.

As fortalezas do seu carácter, unidas a unha enorme capacidade de sacrificio vinculada co deporte de alto nivel e un talento innato, fan que Susana Rodríguez teña nas súas mans opcións reais de participar nos Xogos Paralímpicos que se celebrarán en Río de Xaneiro no verán do ano 2016.

Estas opcións pasan por estruturar e cumprir unha esixente planificación de preparación, que inclúe tanto os adestramentos como a participación nas competicións Internacionais do máis alto nivel. O deporte de alto rendemento esixe unha dedicación plena, que inclúe a obriga de participar nas competicións de máis prestixio do ámbito Internacional que, no ámbito do Paratriatlón, son os que outorgan as puntuacións que determinan as posicións no Ranking Internacional.

Neste sentido, Susana Rodríguez desenvolve un proxecto encamiñado cumprir os requisitos de planificación e cumprimento dun esixente calendario deportivo, que ademáis vai incluír a promoción do deporte e a súa relación coa discapacidade no ámbito dos centros escolares da cidade de Vigo.

Entre as actuacións enmarcadas nestes obxectivos, atopamos que o desenvolvemento do proxecto “Obxectivo Xogos Paralímpicos Río de Janeiro 2016”, supón a principal actividade de Susana Rodríguez Gacio, cunha importante relevancia na cidade de Vigo, tanto pola propia relevancia da actividade, como pola súa importancia mediática e social, ademáis da repercusión

a nivel nacional e internacional, ao estar en relación directa co evento deportivo máis relevante a nivel mundial.

II.- O proxecto que presenta Susana Rodríguez Gacio dentro do obxecto deste expediente de subvención, oriéntase fundamentalmente a dotar á beneficiaria dos medios necesarios que lle permitan optar a participar nos xogos paralímpicos que se van celebrar en Río de Xaneiro no verán do ano 2016. Este proxecto conleva ademáis a dinamización de actividades de promoción do deporte e a súa relación coa discapacidade no ámbito dos centros docentes da cidade de Vigo.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- *Dinamizar actividades e iniciativas orientadas a colaborar coa actividade deportiva de élite da cidade, cunhas necesidades especiais de financiación e sostenibilidade.*
- *Impulsar iniciativas que colaboren coa sensibilización da poboación coas necesidades e especificidades vinculadas á discapacidade en xeral, á discapacidade física en particular, e a súa relación coa práctica deportiva en concreto.*
- *Apoiar proxectos que contribúan a enriquecer o mapa deportivo da cidade e que sirvan de referencia ós e ás xóvenes deportistas.*
- *Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendimento que colaboren coa consolidación da imaxe deportiva da cidade de Vigo.*
- *Apoiar referentes do deporte local na súa relación cos xóvenes deportistas.*
- *Contribuir a que os e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.*
- *Contribuir á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional.*
- *Contribuir á sensibilización do colectivo escolar co deporte e a discapacidade.*
- *Concienciar á poboación escolar de Vigo sobre as especificidades do deporte para discapacitados.*
- *Sensibilizar ós escolares coas necesidades concretas dos deportistas discapacitados, a dar a coñecer o valor engadido do esforzo das persoas que sufren algún tipo de discapacidade, e achegar á poboación escolar a realidade e os valores vinculados ó deporte-discapacidade.*

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións que acrediten un carácter singular das mesmas, e razóns que acrediten o interese público, social, económico ou humanitario, e aquelas que xustifican a dificultade da súa convocatoria pública, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiación do proxecto "Obxectivo Xogos Paralímpicos Río de Janeiro 2016", no ano 2015.

VI.- Que Susana Rodríguez Gacio non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no presente expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa o desenvolvemento do proxecto presentado por Susana Rodríguez Gacio, o Concello de Vigo e Susana, conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- Susana Rodríguez Gacio comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.-Colaborar co Concello de Vigo na difusión dos programas deportivos desenvolto desde este e que teñen vinculación directa cos obxectivos relacionados co proxecto subvencionado:

Programa Municipal de escolas deportivas.

Xornadas de formación.

Campañas de concienciación vinculadas ós hábitos de vida saudables.

Xornadas de sensibilización de deporte e discapacidade no ámbito escolar.

...

2º.- Desenvolver a actuación principal do proxecto xeral deportivo "Obxectivo Xogos Paralímpicos Río de Janeiro 2016", e que inclúe ademáis a promoción e fomento na cidade de Vigo do Paratriatlón no ano 2015.

3º.-Fomentar, estimular e promover iniciativas e suxestións dos axentes implicados no ámbito deportivo conxuntamente coa concellería de deportes.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar con Susana Rodríguez Gacio, na tramitación das solicitudes relativas a necesidades propias do Concello para a realización do seu proxecto deportivo.

2º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe (Concello de Vigo) nos ámbitos de promoción do proxecto (equipacións, revistas, web, publicacións, etc).

3º.- Conceder a Susana Rodríguez Gacio unha subvención po importe de 5.000,00 €, en concepto de subvención directa en base ó convenio para o desenvolvemento do proxecto "Obxectivo Xogos Paralímpicos Río de Janeiro 2016". Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.00 do vixente orzamento:

Para o procedemento de xustificación e pago desta modificación, atenderase ó establecido no pacto sétimo do presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade

subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio.

Sétimo.- A beneficiaria, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo foi de euros.

A beneficiaria deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, etc..) emitidos polas Federacións que recollan adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realizaran ó longo do ano 2015.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e o 15 de decembro de 2015, debendo presentar a xustificación do mesmo con anterioridade a dita data.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da

actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A Beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; e o recollido na base 38 das de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, ____ de ____ de 2015.

5(656).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO “VII MARATÓN INFANTIL DE COIA” O VINDEIRO 31.05.15. EXPTE. 13920/333.

Dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 20.05.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e o secretario da Admón. Municipal, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A Asociación de Veciños Cristo da Victoria con CIF (G-36622793), solicitou o día 24-02-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150022626), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: VII MARATON INFANTIL DE COIA
- Data: 31 de maio de 2015
- Horario:
 - Inicio e fin evento: 10.30h A 13.30h

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que comenzará o domingo 31 de maio de 2015 ás 10.30h e rematará ás 13.30h, esta proba deportiva percorrerá por la rúa Baiona (se utilizará un só carril) rontonda da Pza. Do Cristo da Victoria e pola rúa A Guardia.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade.

- *Protección civil*

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar á Asociación de Veciños Cristo da Victoria con CIF (G-36622793), a organizar o vindeiro domingo 31 de maio de 2015, o evento deportivo denominado VII MARATON INFANTIL DE COIA a carreira comenará ás 10.30h e rematará ás 13.30h, esta proba deportiva percorrerá por la rúa Baiona (se utilizará un só carril) rontonda da Pza. Do Cristo da Victoria e a rúa A Guardia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(657).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE CONTENERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTE A RECICLADORES AUTORIZADOS DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS RECICLABLES, DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 4987/252.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza, do 28.05.15, conformado polo concelleiro delegado de dito servizo e polo asesor xurídico da Área de Fomento, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

- i. A entidade mercantil, "Fomento de Construcciones y Contratas, S.A., e Contener España, S.L., U.T.E. (ley 18/1982 de 26 de maio)" en diante "VIGO RECICLA UTE", a medio do escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data 28 de maio do 2014, Doc.: 140050251, modificado posteriormente co escrito de data 20/5/2014 (Doc: 140059615), como adxudicataria do concurso convocado para a Concesión do Servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbanos reciclables da Cidade de Vigo, solicitou a novena revisión ordinaria do prezo do contrato que terá efectos na anualidade comprendida entre o 1 de outubro de 2012 e o 30 de setembro de 2013.

- ii. En data 21 de decembro do ano 2002 o Pleno do Concello de Vigo aprobou os Pregos de condicións para o contrato. Abriuse polo tanto o prazo de presentación de ofertas que rematou en marzo do ano 2003.
- iii. En data 1 de agosto do 2003, o Pleno do Concello de Vigo acordou adjudicar o contrato de concesión do Servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbanos reciclables da Cidade de Vigo á mercantil VIGO RECICLA U.-T.E.
- iv. En data 29 de setembro do 2003 asinouse o contrato entre a Concesionaria e o Concello de Vigo, iniciándose a prestación do servizo o día 1 de outubro seguinte, rematando este o día 31 de marzo do ano 2017 e por un importe anual de 1.770.331,01 euros (ive 7% engadido) naquel momento.
- v. En data 5 de setembro do 2005, a Xunta de Goberno Local aprobou a primeira revisión ordinaria do prezo do contrato, por importe de 1.822.702,61€ anuais para o período do 1 de xaneiro do 2005 ao 31 de decembro do mesmo ano.
- vi. En data 12 de xuño do 2007, a Xunta de Goberno Local aprobou a segunda revisión ordinaria do prezo do contrato, por importe de 1.902.094,74€ anuais para o período do 1 de outubro do 2005 ao 30 de setembro do ano 2006.
- vii. En data 4 de decembro do 2009, a XGL aprobou a terceira e cuarta revisións ordinarias do prezo do contrato, cuns coeficientes de revisión $K_{2006}=1,1718$ para o período 1/10/2006 a 30/09/2007, e $K_{2007}=1,230$ para o período 1/10/2007 a 30/09/2008.
- viii. En data 1 de xullo do 2010 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 7% ao 8%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
- ix. En data 23/12/2010 a XGL aprobou a quinta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2008}=1,2414$, e con efectos no período 1 de outubro do 2008 ao 30 de setembro do 2009.
- x. En data 14/10/2011 a XGL aprobou a sexta revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2009}=1,2724$, resultando un prezo total de 2.075.144,03€/ano ive 7% engadido, para o período 1 de outubro do 2009 ao 30 de setembro do 2010 (2.094.537,90€/ano ive 8% engadido).
- xi. En data 27/04/2012 a Xunta de Goberno Local aprobou a renovación de medios materiais e maquinaria adscritos á concesión, cunha inversión de 2.823.217,50 euros. A recuperación do capital invertido e o seu financiamento autorizouse mediante a facturación mensual de cuotas fixas xiradas ao Concello de Vigo a partir do mes seguinte ao da efectiva incorporación dos vehículos.
- xii. En data 1 de setembro do 2012 modificouse o tipo do imposto sobre o valor engadido (IVE), incrementándose do 8% ao 10%, e modificando en consecuencia o importe total do contrato.
- xiii. En data 21/12/2012 a XGL aprobou a sétima revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2010}=1,3315$ para o período 1/10/2010 a 30/09/2011, do que resultou un prezo do contrato de 2.200.165,80€/ano (IVE 10% engadido).
- xiv. En data 23 de abril do 2013 asinouse o acta de recepción constatando a efectiva incorporación ao servizo de todos os vehículos renovados, conforme ao disposto por acordo da XGL de 27 de abril do 2012.
- xv. En data 10/10/2014 a XGL acordou aprobar a nova cuota de amortización máis financiamento para a inversión realizada pola empresa na renovación dos medios materiais e maquinaria, con efectos dende o 1 de decembro do ano 2013 e ata o final do contrato (40 mensualidades), por importe de 535.427,53€/ano (sen ive). Este novo importe, modifica o termo da

amortización máis o financiamento que se inclúe no cánon anual, pasando a ser de 684.543,90 euros, dos que 535.427,53€ son polos novos medios incorporados e 149.116,37€ polos medios non renovados que se amortizan a 13,5 anos dende o inicio do contrato.

- xvi. En data 8/05/2015 a XGL aprobou a oitava revisión ordinaria do prezo do contrato, cun coeficiente de revisión $K_{2011}=1,3904$ para o período 1/10/2011 a 30/09/2012. Desta revisión resultou un prezo actualizado do contrato para o ano 2015 de 2.325.495,01€/ano (IVE 10% engadido).
- xvii. O presente expediente iniciouse coa proposta de xustificación da revisión de prezos do contrato de data 13/05/2015, asinada polo Xefe do Servizo de Comercio co conforme do Asesor Xurídico do Área de Fomento, e co praxe dos Srs. Concelleiros Delegados de Limpeza e de Economía e Facenda do 15/05/2015.
- xviii. En data 15/05/2015 remitiuse o expediente á Intervención Municipal para o preceptivo informe de fiscalización, que foi informado de conformidade en data 22 de maio seguinte polo Viceinterventor Xeral Adxunto e incorporado dixitalmente ao expediente na mesma data polo Sr. Xefe de Contabilidade Xeral.

2.- FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

A posibilidade de revisión de prezos do contrato aparece recollida na cláusula VII do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeron o concurso, e que indica o teor literal que a continuación se transcribe:

a) Revisión Ordinaria:

O prezo contractual será obxecto de revisión anual conforme á seguinte fórmula:

$$\text{Prezo actualizado} = [(Po - \text{Amortización}) K + \text{Amortización}] \cdot T$$

Na que:

- Po = Prezo inicial do contrato IVE excluído.
- T = Índice multiplicador que recolle o tipo impositivo do IVE aplicable á operación.
- $K = A (Mt/Mo) + B (Gt/Go) + C (Rt/Ro)$

A, B e C son coeficientes ponderados de participación (expresados en centésimas), relativos á incidencia porcentual de cada un dos índices correspondentes ós capítulos de persoal (A), combustibles e lubricantes (B) e outros gastos fixos anuais (C).

O concepto Amortización defínese como o "valor do termo constante da renda inmediata post-pagable necesaria para amortiza-lo capital invertido - obxecto de reversión- en "n" períodos de tempo, o tanto unitario "i", en base a pagamentos mensuais".

O tanto unitario "i" será o EURIBOR a un ano (ou inmediato prazo inferior) ou índice que o substitúa o día que se publique o anuncio de licitación no BOE, máis una marxe de 1 punto porcentual ou menor diferencial que poidan ofrece-los licitadores nas súas propostas económicas.

O referido termo representativo da amortización dos investimentos non será obxecto de revisión automática a través da fórmula polinómica; sen embargo si se considerará no prezo do contrato o maior ou menor custo que poida supoñer para o concesionario a renovación do material móbil unha vez transcorrido o seu período de vida útil, así como a corrección que proceda en función do tipo de referencia MIBOR que sexa de aplicación aumentando ou diminuindo a referida cota constante segundo o cadro de amortizacións que para o efecto se elabore.

As diferencias positivas ou negativas entre ámbalas dúas anualidades dará lugar a unha diminución ou aumento do contrato, que terá o seu devengo o día seguinte da entrada en funcionamento dos novos equipos e repercutirase na facturación do mes inmediato posterior á incorporación dos mesmos.

No cálculo da anualidade de amortización para a renovación dos medios técnicos, terase sempre en conta o valor residual obtido pola concesionaria no alleamento dos equipos, que será descontado do novo prezo de adquisición.

Os coeficientes de ponderación entenderanse sometidos á seguinte restrición: $A+B+C=1$ e deberán ser determinados polos licitadores nas súas propostas económicas.

M_t/M_o = Índice Xeral correspondente ó incremento real dos custos de persoal obtidos segundo as seguintes expresións $M_t/M_o = C_{pn}(t) / C_{pn}(o)$ sendo "Cpn" o custe medio real para a categoría de peón-noite, segundo convenio colectivo nos anos "t" de revisión e "o" do ano que rematou o prazo de presentación de proposicións. A variación anual deste índice non poderá ser superior á que experimente o IPC incrementado en 1,5 puntos.

G_t = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano de revisión (t).

G_o = Custo medio ponderado de combustible para automoción no ano da licitación (o) (0,694 €/l).

R_t = Outros gastos, no momento da revisión, calculado por aplicación do IPC nacional correspondente ó mes no que se realiza a revisión.

R_o = outros gastos, no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ó mes no que finalice o prazo de presentación de propostas.

Este sistema de revisión aplicarase ó contrato adxudicado, así como as posibles ampliacións que poidan producirse durante vixencia deste.

A primeira revisión ordinaria de prezos terá lugar cando transcorra un ano do contrato, a partir do mes de xaneiro do ano seguinte ó do inicio do contrato.

Visto o anterior e dado que xa se teñen aprobado oito revisións ordinarias do prezo do contrato previas a esta solicitude, a última con efectos dende o 1 de outubro do 2011 ao 30 de setembro de 2012, procede neste momento tramitar a novena revisión que conforme ao Prego de Condições se determina mediante a fórmula:

Prezo actualizado = [(Prezo a orixe – Amortización)· K_t + Amortización] · T

donde
$$K_t = A \cdot \frac{M_t}{M_o} + B \cdot \frac{G_t}{G_o} + C \cdot \frac{R_t}{R_o}$$

Os valores dos coeficientes de ponderación fixados polo adxudicatario na súa oferta son:

A=0,48; B=0,08; C=0,44

3.- DETERMINACIÓN DO COEFICIENTE DE REVISIÓN (K_t)

Para o cálculo do coeficiente de revisión K_t que corresponde neste momento [$K_{2012}=0,48 \cdot (M_t/M_o) + 0,08 \cdot (G_t/G_o) + 0,44 \cdot (R_t/R_o)$], determinaránse en primeiro lugar cada un dos compoñentes dos seus sumandos, do xeito que se expón a continuación:

a) M_t/M_o

Tal como indica o prego, este compoñente da fórmula de revisión corresponde ao incremento real dos custos de persoal obtidos segundo a seguinte expresión: $Mt/Mo = Cpn(2003)/Cpn(2012/2013)$, sendo $Cpn(2003)$ o custe de persoal para a categoría peón na quenda de noite no ano en que remata o prazo para presentación de ofertas (marzo do ano 2003), cuxo importe é de 15.829,65 euros, e o Cpn para a mesma categoría no ano de revisión que comprende o período outubro a decembro do 2012 e xaneiro a setembro do 2013.

Para a obtención do Cpn no ano de revisión, dado que dito período contén parte do custe dese concepto de dúas anualidades "naturais" diferentes (2012 e 2013), deberase obter un custe medio nese intervalo, este custe medio obterase aplicando ao custe do concepto a revisar, $Cpn(2003)$ ano "orixen", o incremento acumulado do IPC, dende o ano de adxudicación, ata decembro de 2012 e decembro de 2013 respectivamente, mais 1,5 puntos porcentuais como máximo, obtendo desta forma un custe anual (CPN) para cada un dos anos. Posteriormente, e segundo o número de mensualidades de cada un dos anos que comprende o período de revisión (3 mensualidades do ano 2012 e 9 mensualidades do ano 2013), obterase o custe medio que se utilizará para calcular o incremento producido con respecto ao custe peón no ano de finalización de presentación de ofertas.

O feito de que se aplique o incremento do IPC ata o mes de decembro de cada un dos anos que comprende o período de revisión, obedece a que tal como se recolle no PCA que rexeu a contratación, a comparación entre custes deste concepto Cpn , realizarase entre o custe a orixe e o custe do período de revisión, e este custe obtense, tal como se recolle no Convenio colectivo da empresa, por aplicación do IPC "real do ano", ao custe da anualidade anterior. Como vemos é o "IPC real" do ano en cuestión o que se aplica para obter o custe salarial, e non o IPC das doce mensualidades inmediatamente anteriores, tal como sucede en outros contratos.

Tomando o ano 2003 como custe inicial ($M_0=100,00$), calcúlanse os incrementos:

- Ano de referencia 2003:	100%	
- Incremento dec 2003/2004 + 1,5 puntos :	4.7 % incremento acumulado	1,0470
- Incremento dec 2004/2005 + 1,5 puntos:	5,2 % incremento acumulado	1,1014
- Incremento dec 2005/2006 + 1,5 puntos:	4,2% incremento acumulado	1,1477
- Incremento dec 2006/2007 + 1,5 puntos:	5.7 % incremento acumulado	1,2131
- Incremento dec 2007/2008 + 1,5 puntos:	2,9 % incremento acumulado	1,2483
- Incremento dec 2008/2009 + 1,5 puntos:	2,3% incremento acumulado	1,2770
- Incremento dec 2009/2010 + 1,5 puntos:	4,5% incremento acumulado	1,3345
- Incremento dec 2010/2011 + 1,5 puntos:	3,9% incremento acumulado	1,3865
- Incremento dec 2011/2012 + 1,5 puntos:	4,4% incremento acumulado	1,4475
- Incremento dec 2012/2013 + 1,5 puntos:	1,8% incremento acumulado	1,4736

Custe peón noite (convenio) entre outubro- decembro de 2012 (3 meses):

$15.829,65 \times 1,4475 \cdot 3/12 = 5.728,49$ euros.

Custe peón noite (convenio) xaneiro- setembro 2013 (9 meses):

$15.829,65 \times 1,4736 \cdot 9/12 = 17.494,79$ euros.

Custe medio peón para o período de revisión (outubro 2012/ setembro 2013) sería:

$Cpn = 5.728,49 + 17.494,79 = 23.223,28$ euros anuais.

Se este custe medio calculado (23.223,28) o dividimos polo custe para a mesma categoría no ano orixen (ano 2003), cuxo importe era de 15.829,65 euros, o compoñente da fórmula $Cpn(2003)/Cpn(2012/2013)$ resulta:

$Mt/MO = 1,4671$ $(23.223,28 / 15.829,65)$

Procede neste intre realizar unha comprobación para verificar que o custe así calculado é igual ou inferior ao custe real soportado pola concesionaria, dado que o incremento IPC+1,5% é o máximo permitido polo prego, pero o custe real podería ser inferior polo que a revisión debería contemplar tal circunstancia.

O custe actual do peón noite por aplicación dos sucesivos convenios colectivos en vigor ascende a 25.978,63€, o que representa un 64,11% sobre o inicial, mentras que o límite do IPC+1,5 está no 47,36% dende a orixe. Como se aprecia, o incremento revisado é inferior ao soportado pola empresa o que demostra que a subida salarial dos traballadores non é inferior ao límite contractual. Nestas circunstancias é correcto revisar o prezo do contrato polo máximo marxe anual permitido no prego (1,5%), no referente ao incremento dos custes de persoal.

b) Gt/Go

Mes	Precio mes
Outubro 2012	1,4314
Novembro 2012	1,3579
Decembro 2012	1,3473
Xaneiro 2013	1,3696
Febreiro 2013	1,3983
Marzo 2013	1,3806
Abril 2013	1,3490
Maio 2013	1,3225
Xuño 2013	1,3341
Xullo 2013	1,3546
Agosto 2013	1,3651
Setembro 2013	1,3847
MEDIA= 1,3644	

Go corresponde ao incremento do custe medio ponderado do combustible para o ano de licitación (2003), cuido valor é 0,694€/lit conforme ao prego de condicións, e Gt ao custe medio ponderado do combustible para o ano de revisión (2012/2013).

Obtense este valor do prezo medio mensual do combustible publicado polo Ministerio de Industria de xeito que:

polo tanto o valor do coeficiente resulta:

$$Gt/Go = 1,9660 \quad (1,3644 / 0,694)$$

c) Rt/Ro

Rt son outros gastos no momento de revisión, calculados por aplicación do IPC nacional correspondente ao mes no que se realiza a revisión, e Ro outros gastos no momento da adxudicación calculado pola aplicación do IPC correspondente ao mes no que finalice o prazo de presentación de proposicións (marzo do 2003).

Da páxina oficial do Instituto Nacional de Estatística obtemos a variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2011 dende Marzo de 2003 ata setembro do 2012, igual a 28,7%

$$Rt/Ro = 1,287.$$

d) Determinación do coeficiente de revisión (K_{2012}):

O coeficiente de revisión para a anualidade a revisar (setembro 2012/2013), tendo en conta os valores dos coeficientes de ponderación fixados na oferta do adxudicatario A=0,48; B=0,08; C=0,44, resulta:

$$K_{2012} = (0,48 \times 1,4671) + (0,08 \times 1,9660) + (0,44 \times 1,287) = 1,42775347$$

Este valor debe aproximarse a cinco cifras significativas como máximo, para que sexa manexable e uniforme á hora de realizar os cálculos da revisión do prezo, xa que por mor dos importes que se manexan, os redondeos inflúen no resultado final. Así:

$$K_{2012} = 1,4278$$

4.- CÁLCULO DA REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO:

Consonte co recollido na fundamentación xurídica deste informe, procede unha nova revisión ordinaria do prezo do contrato para o período 1 de outubro do 2012 a 30 de setembro do 2013, calculada coa fórmula polinómica e os coeficientes especificados anteriormente.

Por mor da incorporación da maquinaria renovada, debemos establecer varios intervalos temporais en función das condicións de cada un deles, para determinar os importes respectivos:

1.-Período 1 de outubro do 2012 ao 30 de setembro do 2013

$$\text{Prezo} = [(1.659.318,35 - 631.166,40) \cdot 1,4278 + 631.166,40] \cdot 1,10 = 2.309.077,93\text{€/ano}$$

2.-Período 1 de outubro do 2012 ao 30 de novembro do 2013

Para este período procederá unha ou varias novas revisións ordinarias do prezo do contrato que mentres non se acorden polo órgano competente, prorrogarase o prezo anteriormente calculado.

$$\text{Prezo} = 2.309.077,93\text{€/ano}$$

3.-Período a partir do 1 de decembro do 2013

A partir do 1 de decembro do ano 2013, produciuse a incorporación dos medios materiais e maquinaria renovados o que implicou a introducción da nova cuota do termo da amortización máis o financiamento aprobada pola Xunta de Goberno Local de 10/10/2014: 684.543,90€/ano, polo que o prezo será:

$$\text{Prezo} = [(1.659.318,35 - 631.166,40) \cdot 1,4278 + 684.543,90] \cdot 1,10 = 2.367.793,18\text{€/ano}$$

O que supón unha diferenza de 42.298,17€/ano (3.524,85€ ao mes), co prezo facturado actualmente.

5.- CÁLCULO DE ATRASOS

Os atrasos adebedados á empresa concesionaria calcúlanse pola diferenza entre o importe realmente facturado e o importe que lle corresponde polo resultado da actual revisión de prezos, computado nos meses exactos de cada período, e ata o día 31 de decembro do ano 2014. Non se consideran como atrasos as cantidades non facturadas por calquera motivo no ano en curso 2015 e que serán regularizadas en todo caso este exercicio económico.

É preciso polo tanto realizar os cálculos por períodos temporais iguais aos que corresponden ás variacións do prezo antes referidas:

i. Período 1 de outubro de 2012 a 30 de setembro de 2013.

Neste período a empresa facturou ao concello polo servizo prestado co IVE do 10% engadido a razón de 2.266.779,76€/ano (188.898,31€/mes) conforme ao prezo aprobado pola XGL de 8/05/2015.

Conforme aos cálculos realizados nesta proposta, o prezo que lle correspondía á empresa nese período é de 2.309.077,93 €/ano (192.423,16€/mes), polo que a diferenza para doce meses é de:

$$2.309.077,93 - 2.266.779,76 = 42.298,17€ \text{ (ive 10\% engadido)}$$

ii. Período 1 de outubro do 2013 a 30 de novembro do 2013

Como quedou dito e a falla da pertinente actualización ordinaria do prezo do contrato, neste período prorrogase o prezo anterior 2.309.077,93 €/ano (192.423,16€/mes), de xeito que o importe dos atrasos para dúas mensualidades ascende a:

$$2.309.077,93 - 2.266.779,76 \cdot (2/12) = 7.049,69€ \text{ (ive 10\% engadido)}$$

iii. Período 1 de decembro do 2013 a 31 de decembro do 2014

Neste período opera a nova cuota de amortización máis financiamento pola renovación dos medios materiais e maquinaria, do que resulta un prezo revisado de 2.367.793,18€/ano (197.316,10€/mes) ive 10% engadido. Nese período a empresa facturou a razón de 2.325.495,01€/ano (193.791,25€/mes) ive 10% engadido, de xeito que o importe dos atrasos para 13 mensualidades ascende a:

$$2.367.793,18 - 2.325.495,01 \cdot (13/12) = 45.823,02€ \text{ (ive 10\% engadido)}$$

A suma total de atrasos ascende a: $42.298,17 + 7.049,69 + 45.823,02 = 95.170,88€$

Polo exposto anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local deste Concello, a adopción do seguinte:

ACORDO

- 1) Aprobar a 9ª revisión ordinaria do prezo do contrato de Concesión do Servizo de contenerización, recollida e transporte a recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbanos reciclables da Cidade de Vigo, cuxa adxudicataria é a empresa VIGO RECICLA U.T.E., fixando un coeficiente de revisión a partir do día 1 de outubro de 2012 en $K_{2012} = 1,4278$, do que resulta un prezo revisado de 2.309.077,93€ (ive 10% engadido) para o período 1 de outubro do 2012 a 30 de setembro do 2013.
- 2) Prorrogar o prezo calculado de 2.309.077,93€/ano (ive 10% engadido), pendente das revisións que correspondan, ata o día 30 de novembro do 2013. A partir desa data modifícase este importe para incluír a nova cuota de amortización máis financiamento dos medios materiais e maquinaria renovados por acordos da Xunta de Goberno Local de datas 27/04/2012 e 10/10/2014, do que resulta un novo prezo de 2.367.793,18€/ano.
- 3) Establecer como prezo actualizado do contrato para o ano 2015, pendente das revisións que correspondan no futuro, o de 2.367.793,18€/ano (IVE 10% engadido), supoñendo unha diferenza de 42.298,17€/ano (3.524,85€ ao mes), co prezo facturado actualmente.
- 4) Recoñecer á empresa concesionaria, en concepto de atrasos pola diferenza do prezo revisado co prezo realmente facturado ata o día 31 de decembro do 2014, o importe de 95.170,88€, desglosado conforme ás seguintes cuantías:
 - i. 42.298,17€ (ive 10% engadido) polo período outubro 2012 a setembro 2013

- ii. 7.049,69€ (ive 10% engadido) polos meses de outubro e novembro do 2013
- iii. 45.823,02€ (ive 10% engadido) de decembro do 2013 a decembro do 2014

imputando o gasto á partida orzamentaria do servizo de limpeza 1621..2270015 “recollida selectiva do lixo” do vixente orzamento municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(658).- PROXECTO DE CONVENIO CON “CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA” DE ASISTENCIA SANITARIA DE PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIOS EN DETERMINADOS AREAIS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2015. EXPTE. 10938/306.

Dáse conta do informe-proposta do 26.05.15, asinado polo xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, a concelleira delegada de Medio Ambiente e a concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o seguinte:

Examinadas as observacións do informe de Intervención xeral de data 20/05/2015, no que se conclúe o seguinte:

"Á vista do exposto emítese informe de conformidade ao expediente sempre que con carácter previo ao sometemento do expediente á consideración da Xunta de Goberno Local se asine o Orzamento presentado por Cruz Vermella polo seu representante legal.

Así mesmo, lembrar que é responsabilidade do Servizo Xestor verificar que os seguros de responsabilidade civil e de accidentes colectivos están en vigor mediante a aportación das correspondentes primas en vigor por parte de Cruz Vermella",

procedeuse a súa total corrección tal e como se sinala no penúltimo parágrafo previo á proposta de acordo e incorporando un punto mais referente ás pólizas de seguro na parte dispositiva do acordo, quedando a proposta reformulada como segue:

INFORME – PROPOSTA

A Concelleira de Medio Ambiente en data do 19 de marzo de 2015, inicio procedemento administrativo para a aprobación dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Cruz Vermella Española para a prestación de asistencia sanitaria de primeiros auxilios e transporte sanitario en determinados areas do concello de Vigo dende o 15 de xuño ata o 15 de setembro de 2015.

O artigo 110.i) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas indica que lle corresponde á Administración do Estado a elaboración e aprobación das disposicións sobre seguridade humana en lugares de baño e salvamento marítimo.

O artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, sinala como competencias dos concellos, nos termos da lexislación das CC.AA., manter as praias e os lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade así como vixiar a observancia das

normas e instrucións ditadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.

A Orde de 31 de xullo de 1972 (BOE 02/08/1972) pola que se ditan normas e instrucións para a seguridade humana nos lugares de baño, establece no artigo 11 que *“corresponde aos Concellos vixiar a observancia nos lugares de baño destas normas xerais e instrucións sobre o mantemento do material de salvamento e demais medidas de seguridade para as vidas humanas”*, e nos artigos 6 a 9 sinala os servizos de vixilancia, auxilio e salvamento.

A Resolución de 22 de maio de 2001, da Dirección xeral de Interior e Protección Civil da Xunta de Galicia, dispón a publicación da revisión e actuación do Plan de Salvamento en Praias de Galicia (Plan Sapruga) homologado pola Comisión Galega de Protección Civil (DOG 19/06/2001) e que, segundo se indica neste, está implantado no Concello de Vigo.

No mentado plan Sapruga indícase que a responsabilidade da seguridade das praias é competencia dos concellos (apartado I.1.), que a administración local participa no Plan, entre outros, cos Servizos de salvamento e socorrismo de praias do concello (apartado VI.1).

A vixente redacción do artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, regulada da bases de réxime local, trala modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, xa non contempla expresamente a competencia municipal de “seguridade en lugares públicos” cinguíndose a funcións de “Policía local”, aínda que mantén a “protección civil” e o “medio ambiente urbano”.

Neste sentido, tal e como informou o técnico de administración xeral do Servizo de Medio Ambiente en data 14 de maio de 2015, o feito de que o novo listado de materias establecido no actual artigo 25.2 teña eliminado algunha das contidas na anterior redacción e engadido outras non supón que queden sen efecto as atribucións competencias efectuadas por normas con rango de lei polo Estado ou as CC.AA nas materias que xa non se recollen no artigo 25.2 (ou que no seu momento non se recollían e agora tampouco), senón que se eliminou o seu carácter básico no que se refire a garantía da autonomía municipal respecto desa materia, estando a lexislación sectorial que atribuíu as competencias de que se trate (no caso que nos ocupa, a establecida no artigo 115 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas) plenamente vixente, con independencia de que agora o lexislador estatal ou autonómico podería derogar as competencias outorgadas no seu momento (competencias incluídas nas materias do antigo 25.2 ou das materias non incluídas na nova redacción) sen afectar a autonomía municipal na materia de que se trate por canto, a día de hoxe, e segundo o lexislador básico estatal (artigo 149.1.18 CE) non forman parte do núcleo básico da autonomía local.

Este é o criterio seguido pola Lei galega 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local que mantén as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da citada Lei 27/2013 segundo o indicado na súa Disposición adicional primeira e, tamén, que os concellos sigan prestando servizos xa establecidos que non se entenderan como o exercicio de novas competencias segundo o artigo 3.3.a) da citada norma.

A seguridade das persoas na praia na época estival é un servizo esencial que ven desenvolvendo o concello ó abeiro do artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas e normativa anteriormente citada, e que non pode deixar de prestarse sen que sexa asumido por algunha administración pública polo que en tanto en canto non se derroga a lexislación sectorial que atribúe a dita competencia aos Concellos ou non se adapte á normativa sectorial existente, ben estatal, ben autonómica, segundo quen teña atribuído constitucionalmente a competencia na

materia, cómpre imperativamente que o concello siga garantindo a seguridade das persoas nos areais.

Á area de Medio Ambiente ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía de data 29/07/2014 “a xestión dos servizos de tempada que poidan establecer nas praias, o mantemento das praias e lugares públicos de baño en condicións de limpeza hixiene e salubridade, así como, vixiar a observancia das normas sobre salvamento e seguridade das vidas humanas e, asemade, calquera outra competencia que en materia de costas estea atribuída á competencia municipal e non corresponda a ningunha outra área delegada”.

En atención á normativa citada é preciso contar con servizos de primeiros auxilios e transporte sanitario para atender de forma inmediata as incidencias que poidan sufrir os usuarios das praias, en coordinación cos servizos de salvamento e socorrismo, e así garantir a seguridade das vidas humanas.

Considérase necesario prestar este servizo co establecemento de postos de primeiros auxilios nas seguintes praias de Vigo para o período do 15 de xuño ao 15 de setembro de 2015 para un total de oito postos de primeiros auxilios nas praias de Samil, Vao, Rodas nas Illas Cíes, Tombo do Gato, Argazada, A Punta, Canido e Fontaiña, nas dúas últimas so medios materiais, cos seguintes medios humanos: 1 coordinador, 6 Diplomados Universitarios en Enfermería (DUEs), 2 condutores, 10 socorristas voluntarios.

O Concello carece de medios suficientes para a prestación do servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario nos areais durante a tempada de 2015, prestándose durante os últimos anos o servizo mediante un convenio de colaboración coa Cruz Vermella, institución sen ánimo de lucro e que dispón dos medios materiais e humanos para a prestación satisfactoria deste e cunha achega pecuniaria destinada fundamentalmente a cubrir os gastos xerados nos servizos prestados o que supón que o importe da achega sexa significativamente inferior ao custe de mercado polo que se considera idóneo.

Porén, a necesidade de máxima profesionalidade dos servizos sen a intervención de ningún voluntario que ven esixindo ADEAC -Bandeiras Azuis- cuxo galardón ven solicitando o concello cada ano (acordo da Xunta de Goberno Local do 06/02/2015), motiva que se preveza que sexa o último ano na realización de convenio e, coincidindo co remate do contrato de salvamento e socorrismo nos areais neste ano 2015, que se plantee para vindeiros anos un contrato de servizos no que se inclúa non só o salvamento e socorrismo nos areais senón tamén a asistencia sanitaria de primeiros auxilios.

A Cruz Vermella é unha institución humanitaria de carácter voluntario e interese público que, baixo a protección do Estado, a través do Ministerio de Asuntos Sociais, ven desenvolvendo dende a súa fundación unha importante actividade, tanto de promoción como de participación na consecución do benestar social, o desenvolvemento do voluntariado e o fomento da solidariedade. Entre as actividades propias da Cruz Vermella figuran a atención e socorro dos afectados por accidentes, o fomento e participación en programas de saúde e en accións que polo seu carácter altruísta resulten máis convenientes a saúde pública e a participación voluntaria e desinteresada das persoas físicas e xurídicas, públicas ou privadas, nas súas actividades.

A Cruz Vermella ofrece ó Concello a súa colaboración para a prestación do servizo sanitario de primeiros auxilios e transporte sanitario das praias, para o que dispón da infraestrutura, os recursos materiais e o elemento humano: persoal contratado e voluntario. Este servizo representa unha carga económica para a Cruz Vermella, considerando o gasto que supón a

formación, a amortización e mantemento do material, a reposición do material funxible, o combustible de ambulancias, os gastos de manutención e transporte dos voluntarios, etc.

Dita carga económica cífrase en 156.000,00 € e deberá ser sufragada polo Concello de Vigo, figurando nos vixentes orzamento a partida 1720.2279905 "Asistencia Sanitaria Praias" para facer fronte ó citado gasto.

O xefe do servizo de Medio Ambiente e a técnica de administración especial do servizo de Patrimonio municipal en data 30 de abril de 2015, informan que a achega municipal solicitada pola Cruz Vermella para facerse cargo dos primeiros auxilios e transporte sanitario nos areas de Vigo é significativamente inferior do custe que no mercado acadaría a contratación do servizo, toda vez que utiliza parcialmente persoal voluntario e tampouco se constata a existente de beneficio industrial ó tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro e cuxo importe a abonar polo concello pretende colaborar na carga económica que supón para Cruz Vermella.

A fin de articular a colaboración entre o Concello de Vigo e a Cruz Vermella na prestación dos primeiros auxilios e transporte sanitario nos areas de Vigo elaborouse un proxecto de convenio no que se desenvolven as cláusulas que deben figurar en todo convenio, de conformidade co disposto na base 40 das de execución do orzamento, e se concretan as achegas municipais e os horarios e medios materiais e persoais que se destinarán á este servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario.

Tanto formal como materialmente axústase ao disposto nos artigos 88 da LRXPAC, Base nº 40 das de execución dos orzamentos municipais e, por aplicación analóxica ao previsto nos artigos 6 da LRXPAC e 199 da LALGA.

Este convenio está excluído do ámbito de aplicación da lexislación de contratos do sector público ao abeiro do establecido no artigo 4.1.d) do Rdl 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector público, coa salvidade da aplicación supletoria dos seus principios para resolver as dúbidas ou lagoas que se puidesen presentar (Art. 4.2. do TRLCSP) e ten, para todos os efectos, carácter xurídico-administrativo.

Sen prexuízo da obrigada intervención previa da Comisión Mixta prevista no convenio e das facultades recoñecidas á Concellería-delegada, as cuestións relativas á súa formalización, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán dilucidadas, en última instancia, polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

Ademais da xustificación na parte expositiva do propio convenio da súa oportunidade e dos obxectivos perseguidos coa súa formalización, consta no expediente de referencia unha sucinta xustificación asinada polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, como esixen os artigos 199 da LALGA e a precitada Base nº 40.

Consta no expediente, a acreditación da personalidade xurídica da Cruz Vermella Española, certificación sobre a designación das persoas para ocupar os seus órganos de goberno, certificacións xustificativas de estar ao corrente das súas obrigas coa TXSS, AEAT, Facenda da C.A., Tesourería municipal e a súa conformidade ó proxecto de convenio.

O técnico de administración xeral do servizo de Medio Ambiente en data do 14 de maio de 2015, emitiu informe xurídico favorable sobre a proposta de convenio ao considerar que existe un claro interese público na conclusión deste e que os pactos, cláusulas e condicións que contén son conformes ó interese xeral, ó ordenamento xurídico e ós principios de boa administración.

Segundo documentación achegada por Cruz Vermella Española compróbase que esta entidade ten contratado, nos termos indicados nas pólizas, os seguintes seguros e que se atopan en vigor:

a) Contrato de seguro de RESPONSABILIDADE CIVIL das actividades propias de Cruz Vermella, excluídos centros hospitalarios, cunha suma asegurada máxima de indemnización por sinistro de 6.000.000 de euros.

b) Contrato de seguro de ACCIDENTES COLECTIVOS cunha suma asegurada máxima de 72.500 euros en caso de falecemento accidental e invalidez permanente, ilimitados en gastos sanitarios.

Por tanto, Cruz Vermella Española ten subscrito e en vigor os correspondentes contratos de seguros de responsabilidade civil e de accidentes que poderían serlle esixibles en función da natureza da actividade obxecto de convenio en virtude do establecido no artigo 11.i. da Lei galega 10/2011, de 28 de novembro, de acción voluntaria e o artigo 46 da Lei 44/2003, de 21 de novembro de ordenación das profesións sanitarias.

Cruz Vermella Española tería cuberta a responsabilidade civil derivada das actuacións dos seus empregados, incluíndo médico ou sanitario, e cantas persoas se encontren desenvolvendo actividades, dependan ou estean baixo a tutela, polo que estaría cuberta a responsabilidade civil do persoal da entidade que preste servizos na actividade obxecto do convenio.

Polo exposto, os contratos de seguros achegados por Cruz Vermella Española deben considerarse suficientes dentro dos que puideran esixirse legalmente ou en defensa do interese público municipal.

A maior abundamento, o vehículo ambulancia que se adique a prestación do servizo deberá contar co correspondente seguro esixible aos vehículos a motor e os traballadores que manteñan relación laboral na prestación da actividade deberán estar dados de alta no correspondente réxime da seguridade social, o que se verificará antes do inicio da prestación da actividade ao non poder determinarse ata esa data o concreto persoal e vehículo vinculados á actividade obxecto do convenio.

O proxecto de convenio foi obxecto de fiscalización pola Intervención xeral municipal (Arts. 92.3.b) LRBRL, 214 TRLRFL e Base nº 40 de execución do Orzamento) en data do 20/05/2015, en cuxo informe se conclúe o seguinte:

"Á vista do exposto emítese informe de conformidade ao expediente sempre que con carácter previo ao sometemento do expediente á consideración da Xunta de Goberno Local se asine o Orzamento presentado por Cruz Vermella polo seu representante legal.

Así mesmo, lembrar que é responsabilidade do Servizo Xestor verificar que os seguros de responsabilidade civil e de accidentes colectivos están en vigor mediante a aportación das correspondentes primas en vigor por parte de Cruz Vermella",

Neste sentido, D. Domingo Santamarina Barreiro como representante legal de Cruz Vermella Española en Vigo (consta no expediente acreditada a súa representación mediante nomeamento polo Presidente de Cruz Roja Española, en data do 16/01/2012, como delegado especial no comité comarcal en Vigo coas funcións atribuídas á presidente do comité provincial – artigo 15. Catro, apartado 6 e 17. Catro, dos estatutos da entidade publicados por Orde do 4/09/1997 do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais no BOE 17/09/1997-) presentou escrito no Rexistro Xeral do Concello de Vigo (doc. 150066044), debidamente asinado, no que ratifica o orzamento

presentado por Cruz Vermella en data do 12/03/15 (DOC. 150030075) e que novamente reproduce por un importe total de 156.000,00€. Tamén, en escrito obrante no expediente de data 12/05/2015 xa ratificaba a proposta de convenio de colaboración e no figuraba dito importe a abonar a Cruz Vermella para contribuír ós gastos que supón o cumprimento do convenio. Polo que atinxe ás pólizas de seguro de responsabilidade civil e de accidentes colectivos consta no expediente documentación xustificativa da súa vixencia e pagamento; porén achegouse documentación complementaria ó terse modificado unha póliza; as cales teñen vixencia ata o 30/06/2015, polo que o servizo xestor esixirá naquela data a xustificación de renovación da vixente das ditas pólizas cos xustificantes de pagamento das primas.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno Local, art. 127 da LRBRL, á que se lle propón, tralo informe favorable da Intervención municipal a adopción do seguinte:

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Cruz Vermella Española para a prestación da asistencia sanitaria de primeiros auxilios e transporte sanitario nas praias do Municipio de Vigo dende o día 15 de xuño ata o 15 de setembro de 2015, co texto que se recolle neste acordo.

Segundo.- Autorizar o gasto, a dispoñibilidade do crédito, por un importe total de 156.000,00 € (base imponible 128.925,62 €, IVE do 21% 27.074,38 €), con cargo á partida 1720.227.99.05 do vixente orzamento municipal.

Terceiro.- O presente acordo surtirá efectos a partir da data prevista no convenio e unha vez asinado polas partes.

Cuarto.- Informar a Cruz Vermella Española que deberá manter a vixencia das pólizas de responsabilidade civil e de accidentes colectivos durante toda a vixencia do convenio. Como queira que achegou xustificación de vixencia das ditas pólizas ata o 30/06/2015, xustificará ante o Servizo de Medio Ambiente a súa renovación e vixencia cos xustificantes de pagamento da prima no prazo de cinco días dende aquela data.

Quinto.- Notificar o presente acordo, en legal forma, á Cruz Vermella Española, significándolle que na execución do convenio deberá, en todo caso, seguir o determinado no convenio e as instrucións que ao efectos se diten por este Concello: Servizo de Medio Ambiente.

TEXTO DO CONVENIO QUE SE APROBA:

“CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA O SERVIZO DE PRIMEIROS AUXILIOS E TRANSPORTE SANITARIO NOS AREAIS 2015.

En Vigo, de de 2015.

REUNIDOS:

Dunha parte:

D. Abel Caballero Álvarez, na súa condición de alcalde-presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a da L.5/1997, do 22 de xullo, (LALGA) e 124.4.a da L. 7/1985, do 2 de abril, (LRBRL)), asistido pola titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D^a.

Doutra:

D. Domingo Santamarina Barreiro, delegado especial do Comité Comarcal de Cruz Vermella Española en Vigo, en virtude do nomeamento de data 16 de xaneiro de 2012 do presidente de Cruz Vermella Española, en representación desta.

Os dous, de mutuo acordo

MANIFESTAN

PRIMEIRO: Que a Cruz Vermella Española, institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público, está configurada legalmente como auxiliar e colaboradora das administracións públicas nas actividades humanitarias e sociais impulsadas por estas.

SEGUNDO: Que entre os fins estatutarios da Cruz Vermella Española figura a promoción e a colaboración de accións de benestar social de servizos asistenciais e sociais, con especial atención a colectivos ou a persoas con dificultades para a súa integración social. A prevención e reparación de danos orixinados por sinistros, calamidades públicas, conflitos, enfermidades e epidemias. A cooperación en programas de prevención sanitaria, accións de tipo asistencial e reparador no campo da saúde, e en xeral, o exercicio de toda función social e humanitaria, compatible co espírito da institución. Todo iso, baixo os principios de humanidade, imparcialidade, neutralidade, independencia, voluntariado, unidade e universalidade.

TERCEIRO: Que ao abeiro do Real decreto 415/96, do 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española, e dos seus estatutos, aprobados por Consello de Ministros o 22 de abril de 1998 e en cumprimento da R(85) 9, do 21 de xuño do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre traballo voluntario en actividades sociais, a Cruz Vermella é unha entidade idónea para contribuír ao desenvolvemento da política social do Concello de Vigo.

CUARTO: Que é competencia municipal, a prestación do servizo de salvamento e socorrismo nos areais de acordo coa lexislación sectorial reguladora da materia. O artigo 115.d) da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, sinala como competencias dos concellos, nos termos da lexislación das CC.AA., manter as praias e os lugares públicos de baño nas debidas condicións de limpeza, hixiene e salubridade así como vixiar a observancia das normas e instrucións dítadas pola Administración do Estado sobre salvamento e seguridade das vidas humanas.

A Orde de 31 de xullo de 1972 (BOE 02/08/1972) pola que se ditan normas e instrucións para a seguridade humana nos lugares de baño, establece no artigo 11 que “corresponde aos Concellos vixiar a observancia nos lugares de baño destas normas xerais e instrucións sobre o mantemento do material de salvamento e demais medidas de seguridade para as vidas humanas”, e nos artigos 6 a 9 sinala os servizos de clasificación do areal, de vixilancia, de auxilio e salvamento.

QUINTO: A Cruz Vermella está disposta a colaborar co Concello no servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario das praias, para o que pon á disposición deste a infraestrutura, os recursos materiais e o máis importante, o elemento humano: os voluntarios. Este servizo representa unha carga económica para a Cruz Vermella, considerando o gasto que supón a formación, a amortización e mantemento do material, a reposición do material funxible, o combustible de ambulancias, a reposición de gastos de manutención e transporte dos voluntarios, etc.

Por conseguinte, ambas partes formalizan de mutuo acordo este convenio de colaboración nos areais, de acordo coas seguintes:

ESTIPULACIONES

PRIMEIRA: A Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo, comprométese a realizar o servizo de primeiros auxilios e transporte sanitario nos areas de Samil, Vao, Illas Cíes (praia de Rodas), Argazada, Tombo do Gato (antigamente, A Fonte), A Punta en Teis durante a época estival do presente ano, nas datas e horarios que se detallan no anexo I e de acordo co disposto na cláusula duodécima do presente convenio. Nos areas de Canido e Fontañña só colocación dos postos fixos.

Non é obxecto do presente convenio a cobertura de salvamento no mar nin a vixilancia dos areas anteriormente citadas.

SEGUNDA: Para levar a cabo o referido servizo, a Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo comprométese a achegar os recursos materiais e humanos relacionados no documento anexo II e que previamente determinou o Concello como suficientes para a realización do servizo. Manifestan, por tanto, que con iso a Cruz Vermella se fai cargo da xestión dunha parte das competencias que a lei lle atribúe ao Concello e que do resto o único responsable será o Concello.

TERCEIRA: Que a Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española de Vigo achegará durante a vixencia do presente convenio o material da súa propiedade relacionado no anexo II.

CUARTA: A Cruz Vermella Española acreditará que todo o persoal asignado ás actividades asumidas pola institución en virtude deste convenio realizou os correspondentes cursos de formación, e que deberá estar en posesión dos cursos de socorros e emerxencias ou primeiros auxilios ou de transporte sanitario, segundo o tipo de actividade ao que estea adscrito; así como aquelas outras titulacións específicas que esixa o desempeño das tarefas que lles fosen encomendadas.

QUINTA: O Concello de Vigo comprométese a sinalizar a localización dos postos de primeiros auxilios, a establecer accesos e mantelos accesibles para as ambulancias.

SEXTA: O cambio de bandeiras de sinalización de utilización de areas será responsabilidade do Concello de Vigo.

SÉTIMA: A Asemblea Comarcal da Cruz Vermella Española comprométese a efectuar os pagamentos necesarios motivados polas accións comprendidas neste convenio, así como a presentar mensualmente informes sobre o desenvolvemento do servizo e as estatísticas de atención.

OITAVA: Cada unha das entidades asinantes será responsable do cumprimento da normativa reguladora do tratamento de datos de carácter persoal, e ambas as dúas comprométense a dar cumprimento ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

NOVENA: En caso ningún esta prestación suporá relación laboral ningunha entre o persoal da Cruz Vermella e o Concello de Vigo.

DÉCIMA: Polo período de vixencia do convenio, o Concello de Vigo aboaralle á Cruz Vermella Española a cantidade de 156.000,00 euros, IVE engadido (cento cincuenta e seis mil euros) con cargo a partida núm. 1720.2279905 de asistencia sanitaria en praias, do orzamento para o ano 2015.

Cruz Vermella Española emitirá factura detallada dos gastos realizados, o 15 de cada mes (xullo, agosto e setembro).

O pagamento realizarase tras a presentación da correspondente factura por parte da Cruz Vermella Española que deberá conformar a Área de Medio Ambiente.

O último pago realizarase previa presentación da correspondente Memoria por parte de Cruz Vermella Española na que deberán detallarse os servizos prestados e certificación do cumprimento do Convenio expedida polo Área de Medio Ambiente.

UNDÉCIMA: Créase unha comisión paritaria que formada por parte do Concello de Vigo por:
A Concelleira-delegada de Medio Ambiente ou persoa en quen delegue.
O Xefe da Área de Medio Ambiente.
Un representante de Protección Civil do Concello.

Por parte da Cruz Vermella:

O presidente da Asemblea Comarcal ou persoa en quen delegue.
O coordinador xeral da Asemblea Comarcal.
O responsable do servizo de areas.

Ambas partes recoñecen esta comisión como válida para realizar as funcións de seguimento, coordinación e control, así como para resolver calquera controversia que poida xurdir tanto da interpretación como da aplicación do presente convenio.

DUODÉCIMA: O presente convenio de colaboración entrará en vigor o día 15 de xuño de 2015 e estará vixente ata o día 15 de setembro de 2015.

DÉCIMO TERCEIRA: A resolución de calquera cuestión, incidencia ou controversia que se derive da interpretación e execución deste convenio, e que non poida resolver a Comisión Paritaria; ambas partes sométense de modo expreso á Xurisdición e Tribunais de Vigo, con renuncia expresa ao seu propio foro se o tiveren.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polo dereito administrativo e suplementariamente polas normas do dereito privado. A orde xurisdicional será o contencioso administrativo en todo caso.

E en proba de conformidade, as partes asinan por cuadruplicado o presente Convenio, rubricado en todos os folios e anexos estendidos nunha soa cara, no lugar e na data arriba indicados.

O alcalde de Vigo

*O Delegado do Comité Comarcal
da Cruz Vermella Española*

Abel Caballero Álvarez

Domingo Santamarina Barreiro

*Dou fe,
A titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local,*

ANEXO I -DATAS E HORARIOS DE CADA POSTO
Posto no areal de Samil

LUGAR: *posto de primeiros auxilios emprazado no Centro de Coordinación de Emerxencias en Praias no paseo do areal de Samil.*

DATAS DE ATENCIÓN: *Do 15/06/15 ata o 15/09/15*

HORARIO:

–Nos meses de xuño e setembro:

De luns a venres de 15:30 h a 20:00 h.

Fins de semana de 11:00 h a 20:00 h.

–Nos meses de xullo e agosto

De luns a domingo de 11:00 h a 20:00 h

Posto no areal do Vao

LUGAR: situado no areal do Vao.

DATAS DE ATENCIÓN: do 15/06/2015 ata o 15/09/2015.

HORARIO:

–Nos meses de xuño e setembro:

De luns a venres de 15:30 h a 20:00 h

Fins de semana de 11:00 h a 20:00 h

–Nos meses de xullo e agosto

De luns a domingo de 11:00 h a 20:00 h.

Posto na Praia de Rodas nas illas Cíes

LUGAR: situado no lado norte do areal de Rodas nas illas Cíes.

DATAS DE ATENCIÓN: do 15/06/2015 ata o 15/09/2015

HORARIO:

–Nos meses de xuño e setembro:

Dende o barco das 10:15 h. Vigo- Illas Cíes ata o barco das 20:00 h. Illas

Cíes – Vigo. Fins de semana.

–Nos meses de xullo e agosto:

Dende o barco das 10:15 h. Vigo- Illas Cíes ata o barco das 20:00 h. Illas

Cíes - Vigo. Atención diaria

Posto no areal de Argazada (Samil 2)

LUGAR: posto de primeiros auxilios situado na praia de Argazada.

DATAS DE ATENCIÓN: do 15/06/2015 ata o 15/09/2015.

HORARIO:

–Nos meses de xuño e setembro:

Fins de semana de 11:00 a 20:00 h

–Nos meses de xullo e agosto:

De luns a domingo de 11:00 h a 20:00 h

Posto no areal do Tombo do Gato (A Fonte)

LUGAR: posto de primeiros auxilios situado no areal de Tombo do Gato.

DATAS DE ATENCIÓN: Do 01/07/15 ata o 31/08/15.

HORARIO: De luns a domingo de 11.00 horas ata as 20.00 horas;

Posto no areal da Punta

LUGAR: posto de primeiros auxilios situado na praia de a Punta, Teis.

DATAS DE ATENCIÓN: do 01/07/15 ata o 31/08/15

HORARIO: De luns a venres de 15:30 h a 20:00 h

Fins de semana de 11:00 h a 20:00 h.

ANEXO II - RECURSOS QUE APORTA A CRUZ VERMELLA

Posto no areal de Samil

MEDIOS HUMANOS: 3 socorristas (voluntarios)
2 condutores
1 D U E

MEDIOS MATERIAIS: Amoblamento posto fixo, ambulancia e material sanitario. O posto fixo é titularidade do Concello de Vigo.

Posto no areal do Vao

MEDIOS HUMANOS: 2 socorristas.(voluntarios)
1 DUE

MEDIOS MATERIAIS: Amoblamento posto fixo e material sanitario. O posto fixo é de titularidade do Concello de Vigo.

Posto no areal de Rodas nas illas Cíes

MEDIOS HUMANOS: 1 médico ou D U E (meses de xullo e agosto)
2 socorristas (voluntarios)

-MEDIOS MATERIAIS: Amoblamento posto fixo e material sanitario. O posto fixo é de titularidade do Concello de Vigo.

Posto no areal de Argazada (Samil 2)

MEDIOS HUMANOS: 1 socorrista (voluntario)
1 DUE

MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios alugado e material sanitario.

Posto no areal de Tombo do Gato (A Fonte)

MEDIOS HUMANOS: 1 socorrista (voluntario)
1 DUE

MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios alugado e material sanitario.

Posto no areal da Punta (Teis)

MEDIOS HUMANOS: 1 socorrista (voluntario)
1 DUE

MEDIOS MATERIAIS: posto de primeiros auxilios alugado e material sanitario.

Posto no areal de Canido

MEDIOS MATERIAIS: posto fixo na praia de Canido, Xullo e Agosto.

Posto no areal de Fontaíña

MEDIOS MATERIAIS: posto fixo na praia de Canido, Xullo e Agosto.""

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(659).- PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO” CONTRA DENEGACIÓN DE SUBVENCIÓN SOLICITADA POLA FEDERACIÓN REFERIDA. EXPTE. 6927/320.

Visto o informe xurídico do 18.05.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Emprego e Participación Cidadá, do 20.05.15, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

Proposta desestimatoria de subvención nominativa á Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao” para a realización de actividades do ano 2014.

ANTECEDENTES

–Dona María Asunción Pérez González, en representación da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao”, con data de Rexistro 04/12/2014 e recibida no servizo de Participación e Atención o 09/12/2014, solicita a tramitación dun convenio de colaboración por importe de 70.000,00 €, entre o Concello de Vigo e a Federación que representa. Previo requirimento do Servizo do 15/12/2014, con data 19/12/2014, presentan no Rexistro municipal “Memoria económica xustificativa para o convenio 2014” e con data 27/12/2014, documentación en resposta á solicitude de subsanación enviada polo Servizo de Participación e Atención Cidadá, no que a pesar do requirimento non aportan certificado orixinal ou copia compulsada, conforme á entidade se atopa ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coas facendas públicas (Estatal e autonómica).

–Con data de rexistro 05/02/2015 e número de documento 150015081, Dona María Asunción Pérez González, con DNI 36133187A, en representación da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao”, presenta escrito no que solicita o outorgamento dunha subvención referida á partida económica recollida nos orzamentos municipais do ano 2014, 92404890013 “Convenio FAVEC”.

–Con data de saída de 13/03/2015 e recibida o 18/03/2015, pola Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao”, se lle comunica a denegación da solicitude de subvención realizada, conforme ao informe xurídico emitido polo Secretario Municipal de data 11/03/2015.

–Con data 20/04/2015, se solicita informe xurídico, con relación ao recurso de reposición presentado o 17/04/2015 co número de documento 150045668, por Dona María Asunción Pérez González, en representación da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao”, e emitido informe polo Secretario Municipal o 18/05/2015, no que se propón:

–Desestimar o recurso de reposición presentado pola Federación de Asociacións Veciñais de Vigo “Eduardo Chao” contra a denegación da subvención solicitada pola Federación referida á partida económica recollida nos orzamentos municipais do ano 2014, 92404890013 “Convenio FAVEC”.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

O artigo 65 do Regulamento de Subvencións (R.D. 887/2006, do 21 de xullo) , polo o que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, ao regular o procedemento de concesión das subvencións previstas nominativamente nos presupostos, dispón no seu apartado 1 que a

efectos do disposto no art. 22.2 a) LXS, son subvencións previstas nominativamente nos Presupostos Xerais do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, aquelas cuxo obxecto, dotación presupostaria e beneficiario aparecen determinados expresamente no estado de gastos do presuposto. Por conseguinte, parece que, nestas subvencións, a execución do gasto subvencionado deberá coincidir co exercicio presupostario xa que van ligadas ao Presuposto anual.

Se ben o establecemento da subvención pode inscribirse no ámbito das potestades discrecionales das Administracións públicas (o apartado 6 do artigo 28 da 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, di que as propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito algún a favor do beneficiario proposto, fronte a la Administración, mentres non se lle teña notificado a resolución de concesión), pero unha vez que a subvención foi regulada normativamente termina a discrecionalidade e comeza a previsión regrada cuxa aplicación escapa ao puro voluntarismo de aquela, polos límites existentes á discrecionalidade de todos os actos administrativos. Este é o que se deduce entre outra das do sentenzas do TS como as de do 15 de novembro de 2005, 7 de abril de 2003 e 25 de novembro de 2003, que di que cando a Administración regula e fai pública unha convocatoria de subvencións, o particular que solicitou a subvención na forma e prazo esixidos, ten dereito a obter a subvención sempre que cumpra as condicións nela establecidas.

Os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos Presupostos Xerais do Estado, ou nos das corporacións locais, sen prexuízo do que a este respecto estableza a súa normativa reguladora, como establece o artigo 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e terán o carácter de bases reguladoras da concesión, como recorda o apartado 4.2 da base 38 das de execución do orzamento (No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, en cumprimento do regulado no artigo 65 e 67 do Real Decreto 887/2006, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión). O apartado 3 do artigo 65 do Real Decreto 887/2006 di que o procedemento para a concesión destas subvención se iniciará de oficio polo centro xestor do crédito presupostario ao que se imputa a subvención ou a instancia do interesado e terminará coa resolución de concesión o el convenio. Neste caso o procedemento se inicia, polo que consta no expediente, con data 04/12/2014 por María Asunción Pérez González, en representación da Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Hao", que presenta escrito no que solicita a tramitación dun convenio de colaboración por importe de 70.000,00 €, entre o Concello de Vigo e a Federación que representa.

Da documentación que contén o expediente dedúcese que a solicitude de subvención debe ser rexeitada debido a que a documentación necesaria para que poida ser tramitada se presenta cando xa é imposible a súa tramitación así como a que a documentación non está completa. A data de presentación da documentación, 27/12/2014, fai imposible que a solicitude poida ser tramitada, xa que "o dereito á subvención so se obtén e se consolida cando se realizou a actividade que a Administración valora e se solicitou durante o tempo de vixencia da norma que a posibilita (Sentenza do Tribunal Supremo, do 21 de decembro de 1994) mentres que a presentación de solicitudes, reclamacións, recursos, etc. fora do prazo fixado pola normativa vixente para a eficacia da pretensión que se formula determina normalmente a denegación por extemporaneidade da solicitude, reclamación o recurso (Sentencia do Tribunal Superior de Xustiza Aragón número 807/2000, do 24 de novembro).

Hai que ter en conta que, como se di na base 40 das de execución do orzamento, con anterioridade a súa aprobación, os textos dos convenios serán obxecto, en todo caso, de informe xurídico, e se tivesen transcendencia económica estarán sometidos a informe preceptivo de fiscalización, e que nas normas para as operacións de peche de exercicio para o ano 2014 (expediente 102427/140) aprobadas pola Xunta de Goberno de acordo co disposto na disposición adicional

sexta das bases de execución, en relación cos xustificantes de subvencións establécese que as que as súas Bases e convocatoria contemplan a xustificación das mesmas dentro do exercicio, deberán ser remitidas para a súa comprobación con data límite o día 19 de decembro, aos efectos de subsanar dentro do exercicio calquera defecto na documentación recibida, ben porque os documentos xustificativos non son axeitados ou suficientes, ou por algún incumprimento das Bases e convocatoria das subvencións. Os responsables das unidades e servizos xestores das axudas e subvencións, tramitarán as xustificacións das mesmas tendo en conta os requisitos establecidos e aprobados para cada caso, sendo da súa responsabilidade ou da/o beneficiario o incumprimento de prazos e defectos na documentación presentada para a xustificación das subvencións. En todo caso, se a xustificación está prevista no ano, como é o caso de todas as tramitadas, deberán achegarse os xustificantes, en caso contrario, perderán o dereito a mesma.

Tendo en conta que falta na documentación certificado orixinal ou copia compulsada conforme á entidade se atopa ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias coas facendas públicas (Estatal e autonómica), hai que ter en conta que nos convenios que regulen gastos que teñan a consideración de subvencións ou transferencias, a súa xustificación someterase á presentación de documentación e xustificantes esixidos con carácter xeral para o réxime de subvencións, quedando sometido ao mesmo o contido do previsto no artigo 65 e 67 do Real Decreto 887/2006, a lei 38/2003, a lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e Base 38ª das de Execución do Orzamento, e o expediente de outorgamento deberá incorporar as preceptivas certificacións de estar ao corrente nas obrigas de pagamento coa Tesourería Xeral da SS.SS., AEAT e Tesourería Municipal e se fose o caso, cos OO.AA dependentes da mesma.

Nas bases reguladoras das subvenciones da corporación que, segundo o artigo 17 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións deberán aprobarse no marco das bases de execución do presuposto (base 38 para o presente exercicio), a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvención (como recorda a Sentencia 179/2014 do TSX da Comunidade Valenciana), podería establecerse un prazo máximo para a solicitude deste tipo de subvencións nominativas.

Polos motivos expostos o funcionario que subscribe e conforme ao informe xurífico solicitado, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Desestimar o recurso de reposición presentado pola Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao" contra a denegación da subvención solicitada pola Federación referida á partida económica recollida nos orzamentos municipais do ano 2014, 92404890013 "Convenio FAVEC".

Segundo: Notificar a denegación á Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao", con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no artigo 118.1 da LRX-PAC, e de que poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo no Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da notificación desta Resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(660).- EXECUCIÓN DA SENTENZA Nº 200/15, DO 22 DE ABRIL, DICTADA POLA AUDIENCIA PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (SECCIÓN 5ª) NO PROCED. ABREVIADO 15/2015 (Nº PERSOAL 15912). EXPTE. 26649/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 26.05.15, conformado pola xefatura da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 05/05/2015 recíbese no Servizo de Recursos Humanos oficio remitido polo Servizo de Seguridade e Mobilidade no cal se notifica copia da Sentenza nº 200/15, do 22 de abril, dictada pola Audiencia Provincial de Pontevedra (sección 5ª) no procedemento abreviado 15/2015, e na cal se condena á funcionaria municipal Dª Mª JESÚS FERNÁNDEZ PIN, con nº de persoal 15.912, pertencente ao corpo da Policía Local de Vigo, pola comisión de un delito de falsificación de documento oficial en concurso con un delito de estafa cometido no exercicio do cargo público, condenando á mesma á pena de INHABILITACIÓN ESPECIAL PARA EMPREGO OU CARGO PÚBLICO POLO PRAZO DE DOUS ANOS, no suposto do primeiro delito, xunto coa pena de INHABILITACIÓN ESPECIAL PARA EMPREGO OU CARGO PÚBLICO POLO PRAZO DE DOUS ANOS, pola comisión do segundo delito (un total de catro anos) entre outros pronunciamientos contidos no fallo da sentenza.

Debe indicarse que no citado procedemento xudicial non foi parte o Concello de Vigo, nin se tiña coñecemento algún da existencia da indicada resolución xudicial penal no Servizo de Recursos Humanos nin na Asesoría Xurídica Municipal, tal e como consta en oficio de data 07/05/2015 do indicado servizo.

Igualmente, en data 07/05/2015 (documento administrativo nº 150054425) recíbese no rexistro xeral do Concello resolución do INSS outorgando a incapacidade permanente total a dª Mª JESÚS FERNÁNDEZ PIN, con posterioridade á data de firmeza da sentenza (22/04/2015).

En consecuencia, procede que polo órgano municipal competente se tome coñecemento do fallo da sentenza e se execute nos seus propios termos.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.

A vixente Constitución de 1978 contempla no seu artigo 118 a obrigatoriedade de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais, así como a de prestar a colaboración requerida por éstes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto.

A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103. No artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial xa citada preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante

a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III.- O artigo 787, apartados 6 e 7 da vixente Lei de Axuizamento Criminal, establece que:

“6. La sentencia de conformidad se dictará oralmente y documentará conforme a lo previsto en el apartado 2 del artículo 789, sin perjuicio de su ulterior redacción. Si el fiscal y las partes, conocido el fallo, expresaran su decisión de no recurrir, el juez, en el mismo acto, declarará oralmente la firmeza de la sentencia, y se pronunciará, previa audiencia de las partes, sobre la suspensión o la sustitución de la pena impuesta.

7. Únicamente serán recurribles las sentencias de conformidad cuando no hayan respetado los requisitos o términos de la conformidad, sin que el acusado pueda impugnar por razones de fondo su conformidad libremente prestada.”

Pola súa banda, o citado artigo 789.2 da indicada norma preceptúa que:

“El Juez de lo Penal podrá dictar sentencia oralmente en el acto del juicio, documentándose en el acta con expresión del fallo y una sucinta motivación, sin perjuicio de la ulterior redacción de aquélla. Si el Fiscal y las partes, conocido el fallo, expresasen su decisión de no recurrir, el Juez, en el mismo acto, declarará la firmeza de la sentencia, y se pronunciará, previa audiencia de las partes, sobre la suspensión o la sustitución de la pena impuesta.”

A mesma lei procesual, no seu artigo 990, indica que:

“Las penas se ejecutarán en la forma y tiempo prescritos en el Código Penal y en los reglamentos.

Corresponde al Juez o Tribunal a quien el presente Código impone el deber de hacer ejecutar la sentencia adoptar sin dilación las medidas necesarias para que el condenado ingrese en el establecimiento penal destinado al efecto, a cuyo fin requerirá el auxilio de las Autoridades administrativas, que deberán prestárselo sin excusa ni pretexto alguno.

La competencia del Juez o Tribunal para hacer cumplir la sentencia excluye la de cualquier Autoridad gubernativa hasta que el condenado tenga ingreso en el establecimiento penal o se traslade al lugar en donde deba cumplir la condena.

Los Tribunales ejercerán además las facultades de inspección que las Leyes y reglamentos les atribuyan sobre la manera de cumplirse las penas.

Corresponde al Secretario judicial impulsar el proceso de ejecución de la sentencia dictando al efecto las diligencias necesarias, sin perjuicio de la competencia del Juez o Tribunal para hacer cumplir la pena.

El Secretario judicial pondrá en conocimiento de los directamente ofendidos y perjudicados por el delito y, en su caso a los testigos, todas aquellas resoluciones relativas al penado que puedan afectar a su seguridad.”

IV.- A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, contempla no seu artigo 66 as consecuencias da imposición de pena principal o accesoria de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público, contemplando expresamente que:

“La pena principal o accesoria de inhabilitación absoluta cuando hubiere adquirido firmeza la sentencia que la imponga produce la pérdida de la condición de funcionario respecto a todos los empleos o cargos que tuviere.

La pena principal o accesoria de inhabilitación especial cuando hubiere adquirido firmeza la sentencia que la imponga produce la pérdida de la condición de funcionario respecto de aquellos empleos o cargos especificados en la sentencia.”

Por tanto, consecuencia directa da execución da sentenza resulta ser a perda da condición de funcionaria de carreira do Concello de Vigo de D^a M^a JESÚS FERNÁNDEZ PIN.

V.- Sen prexuízo das competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 29/07/2014, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para acordar a execución efectiva da sentenza, de conformidade co establecido no artigo 127.1, apartados g) e h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

Consecuentemente, e previa a conformidade da Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da Sentenza nº 200/15, do 22 de abril, dictada pola Audiencia Provincial de Pontevedra (sección 5^a) no procedemento abreviado 15/2015, na cal se condena á funcionaria municipal D^a M^a JESÚS FERNÁNDEZ PIN, con nº de persoal 15.912, pertencente ao corpo da Policía Local de Vigo, pola comisión de un delito de falsificación de documento oficial en concurso con un delito de estafa cometido no exercicio do cargo público, condenando á mesma á pena de INHABILITACIÓN ESPECIAL PARA EMPREGO OU CARGO PÚBLICO POLO PRAZO DE DOUS ANOS, no suposto do primeiro delito, xunto coa pena de INHABILITACIÓN ESPECIAL PARA EMPREGO OU CARGO PÚBLICO POLO PRAZO DE DOUS ANOS, pola comisión do segundo delito (un total de catro anos) entre outros pronunciamentos contidos no fallo da sentenza.

SEGUNDO.- Declarar, ao abeiro do establecido no artigo 66 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, a perda da condición de funcionaria do Concello de Vigo de D^a M^a JESÚS FERNÁNDEZ PIN, con nº de persoal 15.912.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo á Audiencia Provincial de Pontevedra aos efectos que procedan en relación coa sentenza que se executa a través da Asesoría Xurídica Municipal, así como ao Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) aos efectos procedentes en relación coa incapacidade outorgada, notificando asemade á Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura da Área de Mobilidade e Seguridade, Xefatura do Corpo da Policía Local, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Negociado de Seguridade Social-Inspector Auxiliar) e interesada, para coñecemento, cumprimento e demais efectos.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(661).- DAR CONTA DAS SEGUINTE RESOLUCIÓNS:

A) AUTORIZACIÓN DE HORAS PARA O PERSOAL DO SERVIZO DE PARQUE MÓBIL PARA OS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO 2015. EXPTE. 26498/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos do 10.04.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 31/03/2014 foron recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o Servizo do Parque Móbil, asinadas polo xefe do servizo e conformados polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área, a fin de ser realizadas por parte dos empregados municipais seguintes:

Posto	Servizo	NP	Apelidos e Nome
Xefe de Equipo	Parque Móbil	12753	Gil González, Antonio
Oficial Conductor	Parque Móbil	80679	Alonso González, Angel
Oficial Conductor	Parque Móbil	23260	Martínez Bastos, Emilio
Oficial Conductor	Parque Móbil	80659	Carballo Magariños, Jesús
Oficial Conductor	Parque Móbil	14723	Romero Cobas, José Luis
Oficial Mecánico	Parque Móbil	78822	Agulla Amorin, Francisco J.
Oficial Conductor	Parque Móbil	82143	Graña Feijoo, David
Oficial Conductor	Parque Móbil	09159	Riveiro Rodríguez, José
Oficial Mecánico	Parque Móbil	81986	Martínez García, Juan
Oficial Conductor	Parque Móbil	80495	Falque Fontan, Eugenio

Por parte do servizo solicitante estímase un total de 240 horas, a realizar durante os meses de abril, maio e xuño de 2015, para efectuar traballos de mantemento dos vehículos en prolongación de xornada polas tardes (pre ITV-cambios aceite-engrase camións, máquinas, tractores, etc.).

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 10/04/2015, ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

1.-Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produxeron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e

periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 30.07.2014) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral polo persoal municipal adscrito ao Servizo do Parque Móbil, que seguidamente se indica:

Nº Persoal	Apelidos e Nome
12753	Gil González, Antonio
80679	Alonso González, Angel
23260	Martínez Bastos, Emilio
80659	Carballo Magariños, Jesús
14723	Romero Cobas, José Luis
78822	Agulla Amorin, Francisco Javier
82143	Graña Feijoo, David
09159	Riveiro Rodríguez, José
81986	Martínez García, Juan
80495	Falque Fontán, Eugenio

A presente autorización outórgase nun máximo total de 240 horas a realizar no período comprendido entre o 1 de abril ao 31 de xuño de 2015, nos termos do escrito asinado polo Enxeñeiro técnico industrial e polo concelleiro-delegado de Fomento en data 24/03/2014 , que serán compensadas nos termos do previsto no vixente “Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo” e e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Con data 16.04.15, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

B) AUTORIZACIÓN DE HORAS AO SERVIZO DE TURISMO. EXPTE. 26597/220.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos do 7.05.15, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 05/05/2015 foi recibida solicitude de autorización de realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral para o persoal do servizo de Turismo, asinada pola xefa do servizo e conformada polo/a Sr/Sra Concelleiro/a delegado/a da Área.

Por parte do servizo solicitante estímase como máximo 16 horas, a realizar o día 23 de maio de 2015, para colaborar nun programa de turismo sostible e cultural para as Illas Cíes de Vigo en baixa tempada de carácter internacional, neste caso dirixido a Portugal. Ten carácter experimental e é un paso previo para estabilizar actividades en Cíes durante todas as fins de semana do ano.

2.- Mediante instrucción do servizo, o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 06/05/2015 ordenou a este Servizo de Recursos Humanos a tramitación administrativa da petición indicada.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

Por parte deste Servizo, estímase necesario sinalar que:

I.- Segundo se establece no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo", os servizos extraordinarios en exceso sobre a xornada mensual compensaranse con descansos a razón de unha hora por cada hora traballada, e sen prexuízo da compensación económica que corresponda no caso de que se trate de sábados, domingos ou festivos, na data que indique o/a funcionario/a, sen prexuízo de que o funcionario ou empregado poda solicitar que se lle acumulen a efectos de permiso previo á xubilación.

No caso de non poder compensarse con descansos no prazo de 4 meses desde o seguinte ó que se produciron, -o que se xustificará coa solicitude do funcionario e a negativa fundada do xefe/a do Servizo- serán aboados a razón do resultado da división das retribucións fixas e periódicas mensuais por 30 días e o resultado por 7,30 horas e multiplicando a que resulte polo número de horas realizadas en exceso sobre as normais do mes segundo calendario laboral, polo/a funcionario/a ou empregado/a, sen prexuízo dos recargos que procedan por nocturnidade ou festividade.

II.- Constitúe responsabilidade exclusiva de cada xefe/a do servizo a verificación da efectiva realización das mesmas polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa do número de horas traballadas que, en todo caso, non superará o número de horas autorizadas, xunto co seguemento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, así como dos días na que foron realizadas. Igualmente, éstas deberán figurar no cómputo mensual do sistema de control horario como saldo positivo, segundo sexan para compensar con descansos ou para o seu aboamento, nos termos da xornada laboral establecida pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e normativa de concordante e procedente aplicación.

III.- O marco legal que contempla os límites ao incremento das retribucións dos empregados vén definido pola Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, entre outras normas, e polos acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e produtividade.

Deste xeito, os xefes/as dos respectivos servizos deberán desenvolver unha xestión racional e eficiente da actividade do servizo ao seu cargo, tendente prioritariamente á compensación dos servizos extraordinarios en exceso mediante reducións parciais das xornadas de traballo ou en días completos nas datas en que, respetando as necesidades do servizo, libremente se determinen polo efectivo afectado, fomentando igualmente a reasignación de efectivos, na medida das posibilidades existentes, que permitan paliar deficiencias estruturais sen incremento do gasto público.

IV.- Considerando a motivación exposta, e vistas as competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en materia de persoal (Acordo da Xunta de Goberno Local de 30.07.2014) efectúase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

"Primeiro.- Autorizar a realización de horas extraordinarias fora da xornada laboral os empregados/as municipais adscritos ao servizo de Turismo, dona Enma Díaz López e dona Antía Mosquera González.

A presente autorización outórgase nun máximo total de 16 horas a realizar o día 23 de maio de 2015, nos termos do escrito asinado pola xefa do servizo de Turismo en data 30/04/2015, que serán compensadas nos termos do previsto no vixente "Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo" e tendo en conta os acordos da Xunta de Goberno Local, en sesión do 24/06/2014 e 29/08/2014, sobre limitación do gasto en concepto de gratificacións e normativa de concordante aplicación.

Segundo.- Acordar expresamente que a presente autorización en ningún caso poderá conlevar incremento do número de efectivos que realicen os servizos extraordinarios, nin incremento do gasto total en dito concepto retributivo con respecto ao autorizado para o peche do exercicio económico 2014, nos termos do establecido na Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, lembrándose que cada efectivo municipal non poderá superar o número de 16 horas mensuais autorizadas, e sendo responsabilidade directa de cada xefe/a do servizo a non superación dos límites citados.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ao xefe/a do servizo xestor solicitante eo Concelleiro/a delegado/a da Área aos efectos oportunos, dando conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento."

Con data 11.05.15, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

C) XUBILACIÓN VOLUNTARIA DO EMPREGADO MUNICIPAL D. EMILIO AIRA PEREIRO, CON EFECTOS DE DATA 31/05/2015. EXPTE. 26631/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 19.05.15, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A medio de instancia de data 27 de abril de 2015, D. Emilio Aira Pereiro, con DNI 35.999.661-Q, e nº de persoal 13528, solicita a xubilación voluntaria con efectos do 01/06/2015 aportando informativo de xubilación da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS) favorable de data 24/02/15, acreditando que cumpre os requisitos para acceder a dita situación.

2.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos resultan os seguintes:

- Vínculo xurídico: empregado municipal (réxime laboral).
- Nº de persoal: 13528.
- Data de nacemento: 17/05/52.
- Praza: Oficial Electricista, Subgrupo C2.
- Posto de traballo: Oficial Electricista, código 232, adscrito ao Servizo de Electromecánicos (444).
- Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 08.
- Contando a data de xubilación con 44 anos, 2 meses e 8 días de cotización, segundo informativo de vida laboral aportado polo interesado.

3.- Achégase ao presente expediente informe favorable do Sr. Xefe da Área de Fomento, de data 18/05/2015 en relación con dita petición.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- A Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP) establece no seu artigo 67.2 que procederá a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que o funcionario reúna os requisitos e condicións establecidas no Réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable.

II.- Así mesmo, o art. 161 bis.2.B, do Real Decreto Lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, modificado polo Real Decreto-Lei 5/2013, de 15 de marzo, de medidas para favorecer a continuidade da vida laboral dos traballadores de maior idade e promover o envellecemento activo establece:

" Respecto del acceso anticipado a la jubilación por voluntad del interesado:

a) Tener cumplida una edad que sea inferior en dos años, como máximo, a la edad que en cada caso resulte de aplicación según lo establecido en el artículo 161.1.a) y en la disposición transitoria vigésima, sin que a estos efectos resulten de aplicación los coeficientes reductores a que se refiere el apartado anterior.

b) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 35 años, sin que, a tales efectos, se tenga en cuenta la parte proporcional por pagas extraordinarias. A estos exclusivos efectos, solo se computará el período de prestación del servicio militar obligatorio o de la prestación social sustitutoria, con el límite máximo de un año.

c) Una vez acreditados los requisitos generales y específicos de dicha modalidad de jubilación, el importe de la pensión a percibir ha de resultar superior a la cuantía de la pensión mínima que correspondería al interesado por su situación familiar al cumplimiento de los 65 años de edad. En caso contrario, no se podrá acceder a esta fórmula de jubilación anticipada. "

III.- A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 30/07/2014, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado Segundo, b), 4) e con carácter xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

IV.- Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, formúlase ao órgano competente a seguinte proposta de RESOLUCIÓN:

"Primeiro.- Declarar a xubilación voluntaria do funcionario municipal D. Emilio Aira Pereiro, con nº de persoal 13528, na praza de Oficial Electricista, con data de efectos 31/05/2015, nos termos do informe sobre xubilación acreditativo de cumprimento dos requisitos da Dirección Provincial da Seguridade Social (CAISS).

Segundo.- Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos."

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Con data 20.05.15, o concelleiro delegado da Área de Xestión municipal resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

11(662).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO DE “REPARACIÓN DE MURO NA TRAZA DO CANAL DE EIRAS, CAMIÑO CONDESA TORRECEDERIA, CEDEIRA, REDONDELA”. EXPTE. 3246/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 22.05.15, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento e polo concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

1.- Antecedentes

En data 29 de abril co expediente 3.233/440 adxudicouse a contrato para a “REPARACIÓN DE MURO NA TRAZA DO CANAL DE EIRAS, CAMIÑO CONDESA TORRECEDEIRA, CEDEIRA, REDONDELA”. O citado proxecto é redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS LUIS VILAR MONTORO da empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, ÁLVARO CRESPO CASAL e polo ENXEÑEIRO TÉCNICO MUNICIPAL DE OBRAS PÚBLICAS JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E CATRO MIL CATROCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (94.457,86 €).

Con data 21 de maio de 2015 a Intervención Municipal emite informe favorable de conformidade co informe proposta de data 11 de maio de 2015 polo que no presente “informe proposta final” recollese a mesma fundamentación xurídica e proposta de resolución.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Normativa. Os contratos de obra, sempre que se celebren por unha Administración Pública, son contratos administrativos. Esta afirmación leva aparellada unha serie de consecuencias xurídicas: Se rexirán, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSPP), o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP) e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; supletoriamente se aplicarán as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Libro II do TRLCSPP contén as normas sobre a Preparación dos contratos, cuxo Título I se refire á preparación dos contratos das Administracións Públicas. A Sección primeira do Capítulo

II deste Título contén unha serie de preceptos dedicados expresamente ás Actuacións preparatorias do contrato de obras.

O primeiro destes preceptos está dedicado ao elemento básico do contrato de obras: o proxecto. A adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto técnico das mesmas, que definirá con precisión o obxecto do contrato.

Segundo.- Elaboración do proxecto. O proxecto pode ser elaborado directamente pola Administración ou ben é posible que esta contrate a súa realización externa mediante un contrato de servizos para posteriormente contratar a execución das obras. Cabe tamén unha terceira fórmula que consiste en que a Administración contrate cun empresario a realización conxunta do proxecto e a execución da obra, se ben esta posibilidade ten carácter excepcional e só pode aplicarse nos supostos taxativos previstos no artigo 124 TRLCSP.

O proxecto que se somete a aprobación foi redactado polo Enxeñeiro Técnico de Obras públicas d. Luis Vilar Montoro da empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA.

En orden á elaboración dos proxectos, o artigo 123 do TRLCSP e artigos 126 a 132 do RXLCAP determinan o contido obrigatorio dos proxectos, así como a responsabilidade derivada da súa elaboración.

As accións que se levarán a cabo na rúa son basicamente as seguintes:

Próponse demoler a capa superficial de formigón adherida ao alzado do muro para a continuación selar e reparar calqueira greta ou dano superficial.

Se executará unha nova canalización complementaria de diámetro 200 mm. Con tubería de PVC con sus correspondientes arquetas de conexión para reforzar a captación de augas en esas circunstancias de credida.

A escaleira de acceso existente acondicionarase eliminando a baranda de ladrillo actual, chorrearase toda a súa superficie, aplicarase un mortero estruturas autonivelante nos peldaños e se atornillará unha baranda de aceiro inoxidable no seu borde cunha altura de 1,10 mts.

Finalmente colocarse unha baranda de rollizo de madeira maciza tratada con autoclave ao longo da coronación do muro e en paraleo á nova gabia.

O proxecto define a reparación do muro de formigón e a escaleira que serve de acceso desde o camiño Condesea Torrecedeira 25, A Aldea, Cedeira (Redondela), derivado do fallo resultante do recurso seguido como Proceso Ordinario nº 94/2011 no Xuzgado do Contencioso Administrativo nº1 de Vigo, recollido na sentenza nº 58 do 9 de febreiro de 2015.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOUS MESES.

Terceiro.- Supervisión do proxecto. Unha vez elaborado o proxecto, debe ser supervisado. A supervisión do proxecto é un trámite administrativo previo a súa aprobación, obrigatorio para os de contía igual ou superior a 350.000 euros ou nos casos en que a obra afecte a súa estabilidade, seguridade ou estanqueidade. Concretamente, a supervisión consiste na verificación de que se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal ou regulamentario así como a normativa técnica que resulte aplicable.

Consta no expediente informe preceptivo/facultativo do Xefe da Oficina de Supervisión de proxectos de data 8 de maio de 2015.

Cuarto.- Fiscalización. O artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establece o ámbito de aplicación e modalidades da función interventora, entre elas, a intervención crítica o

previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigas de contido económico ou movemento de fondos de valores e intervención e comprobación material das inversións.

Por isto o expediente foi remitido á Intevención Xeral, que informa de conformidade con data 21 de maio de 2015, como requisito previo ao seu sometemento á Xunta de Goberno Local.

Quinto.- Aprobación do proxecto e órgano competente. De conformidade co sinalado no artigo 121 do TRLCSP, a aprobación do proxecto corresponderá ao órgano de contratación, salvo que tal competencia esté especificamente atribuída a outro órgano por unha norma xurídica. De acordo co apartado terceiro da disposición adicional segunda do TRLCSP, o órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Sexto.- Replanteo do proxecto. Unha vez aprobado o proxecto e antes de que se inicie a tramitación do expediente de contratación, é preciso un novo trámite denominado replanteo do proxecto (artigo 126 do TRLCSP). Dita operación deberá documentarse, incorporándose despois o proxecto ao expediente de contratación.

Polo anteriormente exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS LUIS VILAR MONTORO da empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA, presenta o proxecto de "REPARACIÓN DE MURO NA TRAZA DO CANAL DE EIRAS, CAMIÑO CONDESA TORRECEDEIRA, CEDEIRA, REDONDELA" e dirixido polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL MUNICIPAL, ÁLVARO CRESPO CASAL e polo ENXEÑEIRO TÉCNICO MUNICIPAL DE OBRAS PÚBLICAS JULIO CARRASCO RODRÍGUEZ, cun orzamento base de licitación máis IVE de NOVENTA E CATRO MIL CATROCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS (94.457,86 €).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(663).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS". EXPTE. 3175/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 25.05.15, conformado polo concelleiro delegado de dita Área e pola concelleira delegada de Facenda, que di o seguinte:

1.- Antecedentes.

Con data 13 de marzo de 2015, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto básico e de execución das obras de "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS, redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. Luis Vilar Montoro da empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA e dirixido polo XEFE DA ÁREA DE FOMENTO, Álvaro Crespo Casal, e polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. Julio Carrasco Rodríguez, cun orzamento base de licitación de CENTO VINTE CATRO MIL OITOCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON DEZAOITO CÉNTIMOS (124.837,18 €) e que se contén no expediente 3.080/440.

Con data 19 de marzo de 2015, o concelleiro-delegado da Área de Fomento ordenou a esta xefatura o inicio do expediente administrativo necesario para a contratación das referidas obras.

No expediente inclúese a seguinte documentación:

a) O proxecto obxecto do expediente consta anexado no expediente 3.080/440, no que se atopa incluído informe da Oficina de Supervisión de Proxectos que recolle a indicación expresa da adecuación do proxecto á normativa xeral e sectorial, así como á adecuación á normativa técnica de aplicación.

b) Acta de replanteo asinada polo Xefe de Área de Fomento con data 19 de marzo de 2015

c) Prego de prescricións técnicas particulares redactado pola empresa redactora do proxecto VILAR MONTORO INGENIERÍA polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. Luis Vilar Montoro, e incluído no proxecto recollido no expediente 3.080/440, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 13 de marzo de 2015.

d) Prego de Clausulas Administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 5 de maio de 2015.

e) Informe favorable da Asesoría Xurídica de data 5 de maio de 2015.

f) Documento contable referido a existencia de crédito para financiación das obras.

g) Con data 21 de maio de 2015 a Intervención Municipal emite informe favorable de conformidade co informe proposta de data 12 de maio de 2015 polo que no presente "informe proposta final" recollese a mesma fundamentación xurídica e proposta de resolución.

2.- Condicións definitorias do contrato:

Destacan as seguintes:

a) Obxecto e cualificación xurídica do contrato:

O obxecto consiste na execución das obras previstas no proxecto "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS. Estas obras supoñen sen ningunha dubida un incremento da capacidade, rendemento, eficiencia da funcionalidade inherente as necesidades básicas dos servizos públicos que prestan ditas infraestruturas, e con elas se conseguirá unha ampliación da súa vida útil, polo cal contan ca natureza de "investimentos reais".

O contrato, polo seu obxecto, é de obra, previsto no artigo 6 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (no sucesivo, T.R.L.C.S.P.).

En cumprimento do art. 22 do RDL 3/2011 polo que se aproba o TRLCSP, os aspectos relacionados coa "natureza, e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido", son os definidos na memoria descritiva que contén o expediente 3.080-440 do proxecto da obra aprobado pola Xunta de Goberno Local con data 13 de marzo de 2015 que se achega a éste, pasando a formar parte do mesmo.

O contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no art. 25.2 d) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), "infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade".

b.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación:

A tramitación do presente expediente fázase a través de procedemento negociado con publicidade, e por tramitación ordinaria, tal e como se xustifica no informe do Xefe de Área de Fomento de data 24 de marzo que se achega co expediente.

c.- Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 87 do TRLCSP, o orzamento máximo de licitación que servirá como base para a execución deste contrato, será o que figura no proxecto, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 13 de marzo de 2015, redactado polo ENXEÑEIRO TÉCNICO DE OBRAS PÚBLICAS D. Luis Vilar Montoro da empresa VILAR MONTORO INGENIERÍA, e está establecido en base aos prezos de mercado para cada unha das unidades de obra que figuran no proxecto; supón un total de 124.837,18 € sendo o importe correspondente o IVE o de 21.665,96 Euros; poderá ser rebaixado polos licitadores nas súas ofertas para establecer o prezo do contrato.

O valor estimado do contrato estípulase en CENTO VINTE TRES MIL OTOCENTOS CINCO EUROS CON COARENTA E SETE CÉNTIMOS (123.805,47 €).

Para a súa financiación aplicaránse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, incluídos na aplicación orzamentaria 1532.619.00.06 "Mellora de infraestructuras en Parroquias", e dos créditos a nivel da bolsa de vinculación, xa que as actuacións previstas na aplicación orzamentaria 1532.619.00.50 cun importe de 482.491,98 €, atopanse na fase de estudo, polo cal a súa execución quedará limitada dentro das posibilidades de execución dentro exercicio 2015, posibilitando pois a aplicación deste crédito a bolsa de vinculación o cal non afectará ó normal funcionamento das previsión de execución das actuacións previstas no servizo.

O gasto proposto, cumpre co principio de sustentabilidade financeira, esixido polo artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, xa que conta con cobertura dentro do actual orzamento como xa se indicou, e que a partida á que se aplica ten carácter finalista, polo que con cargo a ela non se poderá asumir ningunha outra obriga polo Concello, nin producirse polo tanto ningún desequilibrio orzamentario.

d.- Revisión de prezos:

Tendo en conta que as obras a executar teñen unha duración inferior a unha anualidade, non procede a revisión de prezos.

e.- Prazo de execución e prórroga:

De acordo co proxecto básico e de execución das obras, o prazo máximo de execución establececese en 2 meses.

Dito prazo poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorran algunhas das seguintes causas:

- A modificación do contrato. Neste caso o prazo da prórroga será o que resulte do proxecto modificado non podendo exceder éste da metade do prazo inicial.
- O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos a súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ao do tempo perdido e solicite a prórroga conforme ó disposto no artigo 100 RXLCAP.
- Cando o órgano de contratación e o contratista acorden de mutuo acordo suspensións temporais da execución do contrato por circunstancias sobrevidas que o aconsellen. Neste caso o contrato se prorrogará por un prazo igual ao do tempo quee tiña permanecido suspendido.

f.- Prazo de garantía:

Establecese como prazo de garantía mínimo o de 12 meses dende que se asine a acta de recepción das obras. Poderá ser ampliado polos licitadores nas súas ofertas.

g.- Esixencia de Clasificación ou no seu caso solvencia:

De acordo co artigo 65.1 do TRLCSP, non se esixe clasificación para este contrato. Se poderá presentar a seguinte:

- Grupo G, Subgrupo 6, Categoría b., como acreditación da solvencia técnica e financeira.
-

h.- Modificación do contrato:

A coantía máxima da modificación non poderá superar o 20% sobre o prezo do contrato.

Aspectos a modificar: As unidades de obra de estabilización de firmes e pavimentos.

Circunstancias que determinan a modificación:

Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica ou condicións xeotécnicas distintas das recollidas no proxecto.

A necesidade de adaptar os aspectos técnicos do proxecto ás modificacións no entorno que produzan con posterioridade á data de redacción do mesmo.

i.- Subcontratación:

Autorízase co límite máximo do 50 %.

j.- Responsable do Contrato:

O responsable do Contrato será o Xefe da Área de Fomento. Así mesmo o órgano de contratación nomeará unha dirección facultativa municipal e un coordinador de seguridade para o seguimento da obra.

3.- Proposta:

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación competente dacordo co previsto na disposición adicional 2ª do TRLCSP, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a contratación a través de procedemento negociado con publicidade e tramitación ordinaria das obras do proxecto "ESTABILIZACIÓN DO NOIRO DO CAMIÑO DA LAGOA EN TEIS

Segundo: Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 5 de maio de 2015.

Terceiro: Autorizar o gasto por un importe máximo 124.837,18 € sendo o importe correspondente o IVE de 21.665,96 Euros. A financiación das obras será realizada con cargo á partida 1532.619.00.06, "Mellora de infraestructuras en Parroquias", e dos créditos a nivel da bolsa de vinculación, xa que as actuacións previstas na aplicación orzamentaria 1532.619.00.50 cun importe de 482.491,98 €, atopanse na fase de estudo, polo cal a súa execución quedará limitada dentro das posibilidades de execución dentro exercicio 2015, posibilitando pois a aplicación deste crédito a bolsa

de vinculación o cal non afectará ó normal funcionamento das previsión de execución das actuacións previstas no servizo.

Cuarto: *Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(664).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.